

Lucía Rodríguez medallista no Campeonato de España de bádminton sub-13



O 2 de xullo volve o Rock in Río Tea a Ponteareas

Páxina 4

Candela e David galardoados co Síntete Covelo

Páxina 14

Bandeiras azuis para Area Grande e o Muíño

Páxina 24

A xogadora salvaterrense do Club Badminton As Neves Lucía Rodríguez logrou un importante dobrete no Campeonato de España sub 13 Se Busca Campeón, ao lograr a prata en dobles, e o bronce en individual.

Lucía Rodríguez está considerada pola federación española de bádminton como unha das xogadoras máis prometedoras para o futuro do bádminton nacional. É a única xogadora galega que conseguiu 7 medallas consecutivas nas súas catro participacións en campionatos de España.

O ano pasado foi ouro en individuais e prata en dobles no campionato de España sub-11 que se celebrou en Ponteareas.

Páxina 9

A CASA DA TRICÇA

hamburguesas, tostas e cervexas

Praza Maior - Ponteareas

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

A irresponsabilidade da CUP

José Tarradellas dicía que na política podía facerse de todo, menos o ridículo. No actual contexto catalán, pódese ser prouionista, proindependentista ou medio-pensionista. O que non se pode é confundir a política co exercicio maximalista do programa último. Co exercicio do “lo quiero todo y lo quiero ya”.

A CUP obtivo un bó resultado (8,21% e 10/135 deputados) nas eleccións catalás de setembro do 2015, rendibilizando deste

xeito a súa honestidade e as dúbidas ambivalentes de Catalunya i que es Pot. Reixitou investir a Màs (logo dunha votación asemblearia que rematou en empate) e, en troques, acordou con Junts per el Sí un pacto de estabilidade para a lexislatura, que permitiu a investidura do president Puigdemont.

No debate orzamentario deste día, a CUP uniu os seus votos aos de C's, PP e outros para vetar o Orzamento do 2016.

Un Orzamento debullado dende os alicerces pactados en xaneiro polas dúas coalicións e que implementaría un cobizoso programa social de 870M€ contra a pobreza. Cál foi a reacción dos dirixentes da CUP? Varios confesaban que se lles fora a man e que nunca pensarían que fose tan grave vetar o Orzamento, mentres o deputado Antonio Baños, cabezaleiro pola circunscrición barcelonesa, avergoñábase de coincidir votando co dereitista radical Xavier García Albiol.

O que subxace a este episodio desgrazado é a confusión entre ideoloxía, estratexia e tácticas que abrangue agora unha

curta maioría das CUP, mais que trunfou en determinados intres históricos en formacións variadas da esquerda europea, mesmo na Galicia. Transformar un País, construír alternativas de goberno á dereita conservadora, require de amplas converxencias, mais tamén de diagnoses realistas e programas realizábeis. O outro só xera frustración, retracción abstencionista e oportunidades para que nada mude e manden os de sempre.



As contas do centralismo

Sempre que o Goberno central quitou a súa información sobre as chamadas balanzas fiscais (2008 e 2012), Galicia resultou suposta beneficiaria da solidariedade do Estado, avaliándose até en 3500 M€ a diferenza ao noso favor entre o supostamente recadado e o recibido.

Claro é que as contas do centralismo son parte dos moitos contos ou ladañas que retransmíten os voceiros-oficiais e oficiosos do centralismo. E levan trampa. En primeiro lugar, contabilizan a Seguridade social contributiva, que non é cuestión de territorios, senón de persoas cotizantes. Eu gaño o meu dereito á pensión contributiva e á contía da mesma independentemente de onde cotízase. Tamén está a trampa do método de

contabilización chamado carga/beneficio, que contabiliza como gastados e/ou investidos en Galicia o 5,4% dos orzamentos de Defensa, RTVE Casa Real, Ministerios, cando a inmensa maioría destes gastos. Ou nos atribúe o 7% da débeda pública estatal, cando só somos o 5,4% da súa poboación. A quen beneficia o gasto burocrático na súa inmensa maioría? Acertaron, á área de Madrid, que é onde se cobran os soldos e se fai o gasto.

Se empregamos a metodoloxía que os economistas máis neutrais xulgan de aplicación,, resulta que no 2015 o Estado recadará uns 12.400 a 12.500 M€ na Galicia dos que a Xunta empregará uns 9000 M€ nos seus orzamentos. Algúen pensa que os servizos que

presta o Estado na Galicia acaden o valor de 3.400 M €/ano?

Por outra banda, os nosos concellos reciben só o 3% dos 17600 M€ que o Estado destina ás transferencias a entidades locais. É dicir, que se nos quitan 500 M€ sobre o 5,4% que por poboación nos correspondería. Por qué? Porque o Estado financia os servizos dos concellos só tendo en conta a poboación, non o seu avellentamento ou espallamento. Solidariedade con Galicia? Confórmome de entrada con que nos paguen o que deben. Que poñan eses 500 M€/ano adicionais e que transfiran á Xunta as competencias para distribuír eses fondos de cooperación local, como cumpriría en calquera Estado descentralizado.

As contas do centralismo, amáis de se basear nuns dados moi opacos, constitúen pola súa metodoloxía e conclusións un insulto á nosa intelixencia. E que nos alcumen

de parvos, sen nos recoñecer o que nos pertence e aínda vendéndonos o favor, sobarda os límites do aturábel na democracia.

A arrincadeira: O galego na xustiza é útil e práctico.

Xuntouse en Monforte a asemblea anual da Irmandade Xurídica Galega, que integra centos de fiscais, xuíces, avogados e funcionarios que adoitamos usar o galego na vida xudicial cotián. O proceso de normalización da lingua na Xustiza non avanza de modo polo centralismo na organización do Poder Xudicial. Usar o galego na Administración de Xustiza é útil, práctico e normal.

Xosé González Martínez

Presidente da Fundación L. Peña Novo

Os Premios Peña Novo no cambio dun ciclo

A Fundación L. Peña Novo leva vinte-dous anos convocando os premios anuais co nome daquel intelectual vilalbés que protagonizou nos primeiros anos do século XX a modernización do discurso galeguista. A el débese, en grande parte, a incorporación ao discurso da identidade das correntes filosóficas que agromaban no mundo despois da crise do ano 1917, abandonando a dinámica exclusivamente literaria herdada do movemento literario do Rexurdimento.

Nunha sociedade eminentemente labrega, cunha feble proletarización, unha sangría emigratoria considerable e unha taxa elevadísima de analfabetismo, Galicia precisaba crear estruturas sociais que organizasen a todos os sectores para cambiar o rumbo da historia. Velaí o acerto daquel nacionalismo que soubo intepretar con acerto cales eran as contradicións sociais e económicas dun réxime político in-

servible para satisfacer as necesidades da maioría do pobo.

Aqueles tempos convulsos no mundo que habían traer grandes transformacións en todas as ordes gardan moita relación, salvando as distancias do tempo, coas que hoxe estamos a vivir. Se naqueles anos as Irmandades da Fala elaboraron proxectos políticos imaxinativos para remover o atraso económico, sen desvencellalos da pedagogía necesaria para acrecentar a conciencia de galegitude dos seus cidadáns, hoxe, do seu exemplo aínda podemos tirar algún proveito para seguirmos artellando un modelo novo de afrontar os retos dos cambios estruturais que a globalización provocan coa aparición de novas formas e procesos espaciais.

O xurado dos Premios Lois Peña Novo unha vez máis soubo aplicar con acerto os criterios para conceder os galardóns deste

ano, que recaeron en persoas e institucións que en cadanseu eido están apostando por alternativas propias tinguidas de inequívoco galeguismo.

Velaquí, sucintamente, os méritos dos premiados deste ano:

Don Francisco Díaz-Fierros Viqueira, doutor en Farmacia, catedrático de edafoloxía e Química da USC. O seu labor científico centrouse no estudo dos solos e da climatoloxía agrícola de Galicia, recoñéndolle o xurado a utilización e valoración da lingua galega no eido da ciencia o que supón un incentivo para o seu uso en espazos nos que habitualmente non está presente.

Don Xosé Manuel Cid Fernández, doutor en pedagogía e profesor da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo no Campus de Ourense. O seu labor no desenvolvemento de programas de renovación pedagóxica é o exemplo, tanto en Galicia como en Portugal, para entender un ensino transformador vencellado á realidade social e cultural.

O Concello de Brión, porque desde 1979 é un modelo de corporación local preocupada pola defensa da identidade de Galicia como pobo con cultura e lingua de seu. Ao

tempo, considera o xurado que o Concello de Brión ten aplicado políticas eficaces para a modernización e eficacia na prestación dos seus servizos públicos.

Tres esteos que terman de modelos de actuacións para reformularmos a estratexia fracasada das últimas décadas nas que fiou todo á literatura e os seus creadores; un papel que transcendía con moito a súa función. Nunca Galicia tivera tantos medios –materiais e humanos– para reencontrarse coa súa identidade e, sen embargo, nunca a frustración fora tanta, se a comparamos co titánico e creativo traballo que tiveron que facer os homes e mulleres das Irmandades da Fala para sortearon toda clase de dificultades derivadas das sinerxias de moitos séculos de desgaleguización. Hoxe, como noutro, cómpre renovación urxente dos métodos de traballo para irmos ao compás das mudanzas.

O próximo día 30 do mes que andamos, ás sete e media da tarde, voltaremos ao patio de armas do castelo de Soutomaior para honrarnos aos que fan do súa actividade profesional un exercicio patriótico a imitar. Amigos lectores e lectoras, as portas da fortaleza están abertas para recibilos.

Por: Guillermo Rodríguez

Director



É certo, o día 25 e 26 temos que reflexionar

Estamos asulagados en plena campaña electoral. Recibimos mensaxes contradictorios. Uns dinnos que !ollo co que votamos o día 26!!, outros anímannos a bater co pé no chán, como nos dirían os nosos antepasados, e apostar por novos cabalos que poden resultar gañadores.

No medio deste balbordo de promesas e de avisos medoñentos estamos todos. Eu non vou, obviamente, a tratar de influir nas súas decisións que deben permanecer ceibes de gurús mediáticos, que ata o de agora non levan acertado, precisamente, cando se trata do noso futuro. Calquera se da conta de que nós non somos culpables da situación en que estamos; nós somos, e din que temos que seguir sendo, uns pobres "paganinis" que só pedimos tranquilidade, un cacho de pan para darlle aos nosos fillos e familiares e a tranquilidade de que o futuro non nos vai tratar aínda peor. Realmente, non é demasiado pedir, non cren?

Pero deixemos aí a cousa. Hoxe voules contar de que maneira eu, persoalmente, me enfronto a esta situación. Conscente de que pouco podo facer para atopar as solucións que vdes. precisan, apetéce-me contarles cales son os meus divertimentos.

Teño a manía, podemos chamarlle así, de ler todo o que pasa polas miñas mans e ten algo, así o penso eu, de contido informativo e formativo. Acompañome dun caderniño que moitas veces, seguro que algúns me teñen visto, me serve para anotar ideas, pensamentos, opinións que me presentan o mundo doutro xeito. Anotacións de libros que leo, revistas que merco mensualmente, xornais que a diario pasan plas miñas mans.

Hoxe quero facerlles a todos vdes. participantes destas miñas "anotacións" que dun xeito ou doutro conflúen coma ríos que van ao mar. Vexamos.

Dinos, por exemplo, Bertran Russell, "A Humanidade ten unha dobre moral, unha que predica e non practica e outra que practica e non predica". Nestes momentos todos predicán; farán o que predicán? Rosa REGás, escritora (1933), dinos, referíndose aos tempos da guerra e postguerra, "daquela a indignación estaba afogada polo Réxime, polo medo ao Réxime; hoxe o medo aparece baixo outras

ameazas, a de perder o traballo e non atopa outro". O historiador Manuel Castells, de seguro coñecido de todos vdes., dinos "governar a democracia cos electores desencantados resulta complicado, pero facelo cos electores irritados pode chegar a ser insuportable para o correcto funcionamento do sistema". Nesas estamos, penso eu. Sen embargo hai quen pretende seguir "cabreando" aos cidadáns como se nada pasara. O filósofo e político danés do século XIX, Kierkegard, considerado o pai do existencialismo, dinos que a vida só pode ser comprendida mirando



cara atrás, pero ha de ser vivida mirando cara adiante. Verdade que isto ten unha especial relevancia nestes momentos?

Un dramaturgo e poeta alemán, do século XX, moi coñecido polos amantes do teatro, Bertol Brech, moi crítico co sistema imperante daquel momento, o que lle custou ser expulsado do centro onde estudiaba, deixou dito: "da ignorancia política nacen as desigualdades". A que lles soa ben nestes momentos que vivimos? O exPresidente norteamericano J.F. Kenedy, anunciou que "se unha sociedade libre non pode axudar aos moitos pobres, tam-

pouco pode axudar aos seus poucos ricos". Un capitalismo interesado, obviamente, pero consciente de que se aperta moito a corda tampouco lle resulta beneficioso. Hoxe creo que os capitalistas actuais nin sequera se decatan disto. Parecera que teñen nas súas máns o control e o deseño do futuro.

Foi Adam Smith, o que dixo "onde queira que exista grande propiedade, existe unha grande desigualdade. Por cada home rico teñen que existir, polo menos, 500 homes pobres". Ai temos retratados aos nosos grandes empresarios, ou non?

dicir, toda a economía francesa, por exemplo, que é a quinta economía do mundo.

En España temos 471 multimillonarios que confesaron (anter a chamado de Montoro) un patrimonio de máis dos 30 millóns de euros; no ano 2.007, cando comenzo a crise a despuntar, só había, confesos, 233 multimillonarios. Ou sexa, en 7 anos duplicouse a especie. Proba, como asegura Rajoy, que as cousas van francamente ben, para algúns, claro.

Vivimos momentos convulsos e decisivos. Sexamos esixentes antes de tomar decisións que poden amargarnos a vida por moito tempo. Escoitemos a Poincaré (matemático, físico, filósofo), "dubida dos datos ata que os datos non deixen ningún lugar á dúbida". Nestes momentos sexamos así de escrupulosos. Escoitemos a Aristóteles: "o ignorante afirma, o sabio dubida e reflexiona". Reflexionemos, pois, ese esperado día 25, sábado de xuño de 2.016. Desas nosas reflexións pode depender o futuro de moitas familias que hoxe pensan que non teñen futuro. Lembremos que o papel, dese "ogro moderno" ao que chaman mercado, non depende só do que poida facernos, senón, tamén, do que nós lle permitamos que faga.

Non quero cansarlles máis coas miñas elucubracións. Trátase dun "vicio" que me acompaña dende pequeno. A verdade é que non me ten servido para "facermelo rico", pero si para vivir consonte a miña conciencia; non permitir que me enganaran e poder dicir, a estas alturas da vida, que son un home libre, ceibe de condicionamentos sociais, políticos ou relixiosos. Claro que non é gran cousa, pero... como di o refrán "menos da unha pedra". Vivo contento co que teño, porque sei que é froito do meu esforzo, sobre todo intelectual, cultural.

A todos vdes. lles desexo que cando o día 26 metan a papeleta na urna o fagan plenos de liberdade, sen importarlle o que poidan pensar amigos ou familiares da súa libérrima decisión. Só deste xeito non terán que arrepentirse no futuro. Cando facemos o que está nas nosas máns somos importantes, somos decisivos en calquera faceta da nosa vida.

Que sexan felices que o boten ben. Con V e con B. Saúdos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

0 2 de xullo volve o Rock in Río Tea á Feira Vella na súa 4ª edición

O 2 de xullo a partir das 21.00 horas no parque da Feira Vella, celébrase a cuarta edición do festival Rock in Río Tea, con máis novidades e cun moi bo nivel de música grazas aos artistas do cartel deste ano.

Julio Mera, en representación da Asociación Falcón, organizadora do festival, agradeceu o apoio recibido do Concello de Ponteareas e de todos os patrocinadores, a maioría empresas e comercios da localidade, que colaboran para sacar adiante este

evento. “Esperamos consolidar o festival, xa que o ano pasado viron máis de 3.000 persoas. Ofrecemos música de calidade de balde por riba da fama que poidan ter as diferentes bandas, como son os casos de Julián Maeso e Los Labios, cabezas de cartel este ano. Amais, apostamos por música emerxente coma The Trunks, gañadores do noso concurso de bandas na que participaron 59 bandas, sendo seleccionadas 9 para a final”, explicou o membro da asociación Falcón.



Premios aos gañadores do concurso Debuxa a Manuel María

Os traballos das nenas e nenos dedicados á figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do presente ano salientan pola súa calidade

A este certame de debuxo foron presentados 80 traballos de alumnado de 3º, 4º e 5º de primaria de dous Centros Escolares da vila: o CEIP de Santiago de Oliveira e o CPR Plurilingüe Santiago Apóstol, que foron reunidos na tarde do martes para o acto de entrega de premios que se realizou no salón de plenos do Concello de Ponteareas.

Os gañadores son: 1º Premio: Iria Lorenzo Garrido, co traballo “Colorín colorido”, de 5º de Primaria do CPR Plurilingüe Santiago Apóstol. 2º Premio: Carmen Martínez Palacio, co traballo “Aleteo”, de 3º de Primaria do CPR Plurilingüe Santiago Apóstol. 3º Premio: Eric Ferreira Luis, co traballo “Eris”, de 5º de Primaria do CEIP de Santiago de Oliveira.



FUCO PRADO



Saudade renovada

O Saudade Café Bar, situado na rúa Reveriano Soutullo nº 3 de Ponteareas, abriu ao público, cunha nova administración, as súas instalacións totalmente renovadas, cunha decoración moderna e funcional, con madeira e cores claros para facer a estancia agradable e cómoda para os clientes, a calquera hora do día.



O local conta cunha exposición fotográfica do calendario 2016 do Café Lavazza feita polo fotógrafo Joey Lawrence, que compara as antigas e novas xeracións de produtores dedicados á defensa da biodiversidade das súas terras, pero sempre respectando as tradicións.

A cafetería ten 3 terrazas (dous terrazas ao aire libre e unha interior), área de estar con sofás e sillóns, wifi libre, hilo musical, e tres televisores. Están sendo transmitidos todos os partidos da Eurocopa 2016 e, por suposto, todos os eventos deportivos de importancia.

O Saudade Café Bar está contando co apoio dun público diverso e de diferentes idades, de luns a sábado a partir das 7:30 horas e os domingos a partir das 11:00 horas.



Ademais de ofrecer o café Lavazza (o favorito dos italianos) en exclusiva para Ponteareas, tamén ofrece unha selección de té e infusións de alta calidade da marca Dharmaté, a gama de xeados Carte D'OR de Frigo, o Panini de baguettes Dr. Oetker, as cervexas de presión Mahou 5 estrelas e San Miguel Selecta, viños de diferentes denominacións de orixe e unha gran variedade de cócteles.

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas actuará no núcleo urbano seguindo os criterios do proxecto "A Cidade dos Nenos" de Francesco Tonucci

A concelleira Cristina Fernández participou en Granada no seminario "Laboratorio Internacional da cidade das nenas e nenos"

O Concello de Ponteareas sumouse no pasado mes de febreiro á Rede Internacional da Cidade dos Nenos. O proxecto, ideado en 1991 polo psicopedagogo Francesco Tonucci, nado en Fano, Italia, traballa cara unha nova filosofía de goberno da cidade, tomando aos nenos e nenas como parámetro e como garante das necesidades de todos os cidadáns. Sendo a cidade de Pontevedra un bo exemplo práctico e recoñecido mundialmente.

Como consecuencia da adhesión ao proxecto, Cristina Fernández Davila, Concelleira de Ensino, Participación Cidadá e Réxime Interior, desprazouse ata Granada para asistir ao Seminario "Laboratorio Internacional da Cidade dos Nenos" no Parque das Ciencias, onde se reuniron xestores de cidades de toda España, centros



de investigación e universidades para debater sobre o papel dos rapaces e rapazas no deseño das futuras urbes.

Cristina Fernández salientou que "a importancia destes encontros reside en ser partícipes da implantación do proxecto noutras cidades e as conclusións extraídas das súas prácticas dirixidas a de-

señar e adaptar os espazos urbanos para os máis cativos. É vital ter información de cómo funcionan outras experiencias antes de actuar na vila de Ponteareas, sobre todo coñecendo de primeira man a calidade de vida acadada na cidade de Pontevedra".

"Debemos tomar medidas que faga que as nosas fillas e fillos

poidan sair solos da casa e ir a escola de maneira autónoma, que recuperen o tempo de lecer e que poidan xogar no espazo urbano peonil", engadiu.

Desde a creación do proxecto "A Cidade dos Nenos" de Tonucci, adheríronse 200 cidades de Italia, España, Arxentina, Colombia, México, Uruguai, Perú, Chile e Li-

bano. Tivo un importante recibimento na provincia de Pontevedra con once municipios participando nos foros convocados pola organización do proxecto, o Consiglio Nazionale delle Ricerche de Italia: Ponteareas, Tomiño, Salceda de Caselas, Arbo, Redondela, Lalín, Catoira, Silleda, Vilaboa, Pontevedra e Cambados.

A Concellería de Mocidade ofrece un curso intensivo de alemán na Biblioteca Municipal

Sen dúbida a principal razón para aprender alemán é o traballo. Austria conta coa taxa máis baixa de desemprego dos países da Eurozona; Suíza é un dos países máis ricos e que conta coas mellores condicións de traballo; o motor de Europa, Alemaña, ofrece grandes oportunidades de emprego a todo aquel que queira traballar. Pero o dominio do alemán é un requisito imprescindible para traballar nestes países. Son moitos os que probaron sorte e emigraron dos seus países na procura de traballo, pero isto non é sinxelo sen un coñecemento previo de alemán.

O curso está aberto a todos os mozos e mozas de Ponteareas e a súa inscrición é de balde. O prazo para anotarse remata o vindeiro 19 de xuño.

As clases desenvolveranse na Sala de Usos Múltiples da Biblioteca Municipal de Ponteareas, en horario de 16:00 a 18:00 durante o mes de xuño e de 10:00 a 12:00 h a 13.30 h.

Para realizar a inscrición ou para solicitar máis información os interesados poden dirixirse a Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Ponteareas situada na Biblioteca Municipal da rúa A Perillana ou chamar ao teléfono 672 105 468.

Medio Mocea é o novo voluntariado medioambiental de Ponteareas para mozas e mozos entre 16 e 30 anos

O Concello de Ponteareas, a través da Concellería de Benestar Social e Mocidade, xestionada por Verónica Carrera, e mais a área de Medio Ambiente, dirixida polo alcalde Xosé Represas, promoven unha nova iniciativa de voluntariado ambiental denominada "Medio Mocea", actividade para a que xa está aberta á inscrición para a súa realización entre os meses de xullo e setembro.

O Concello de Ponteareas ten un interese especial na formación da poboación xuvenil, de máis de 16 anos do noso municipio e bisbarra, incidindo na importancia

do tempo libre, especialmente no eido do medio ambiente, como recurso para o emprego da nosa mocidade. Con todo, desde a área de Mocidade animan a toda a veciñanza, de calquera idade, a participar nesta iniciativa.

Hai unha necesidade de facer actividades formativas e lúdicas que atinxan ás mozas e mozos, e favorecer o seu desenvolvemento integral na nosa localidade. Ademais de pór os medios necesarios para que participe toda a poboación en xeral de forma voluntaria e individualmente ou en familia.

O voluntariado medioambiental Medio Mocea ofrece un obra-

doiro formativo que inclúe un curso de educación ambiental, software libre, compostaxe e horta ecolóxica, así coma outras actividades coma o rastrexo, unha senda interpretativa, unha carreira de orientación ou unha ruta volante polas montañas da comarca. Amais, a formación recibida poderase trocar por créditos universitarios.

A inscrición pode realizarse no 1º andar do Centro Social da rúa Oriente en horario de 9.30 a 13.30, ou ben a través do correo electrónico voluntariado@ponteareas.gal ou mediante chamada telefónica ao 673794760.

PONTEAREAS

Ponteareas firma un convenio de colaboración con AFAGA para abrir un punto de información sobre o alzheimer e outras demencias

O alcalde Xosé Represas e o presidente da asociación Juan Carlos Rodríguez asinaron o 8 de xuño o acordo que permite á cidadanía obter máis información sobre este tipo enfermidades un mércores cada quince días no segundo andar do Centro Social da rúa Oriente

A razón deste acordo atende á demanda de información que as veciñas e veciños levan requirindo sobre o alzheimer e outras demencias desde fai anos e a falta de espazos públicos para que os axentes sociais desenvolvan a súa labor coma a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras enfermidades de Galicia (AFAGA).

A sinatura deste convenio ven a ser un fito, pois o Concello pon a disposición de AFAGA unha sala no segundo andar do Centro Social, sito na rúa Oriente, para que un mércores cada quince días –que xa funciona desde o 1 de xuño– en horario de 17.00 a 19.00 horas poda informar e axudar neste ámbito á veciñanza de



Ponteareas e das comarcas de Condado e Paradanta. “Coidamos que Ponteareas é un núcleo coa suficiente relevancia para que os veciños e veciñas desta zona teñan un punto de información

sobre o alzheimer e outras demencias”, explica o presidente de AFAGA Juan Carlos Rodríguez. “Calculamos que hai máis de 450 persoas con algún tipo de demencia só en Ponteareas, das cal sobre 300 son de nivel leve e moderado, para as que este tipo de intervencións son moi útiles. Hai que comprender que con este número, hai máis máis de 1000 persoas afectadas directa e indirectamente por estas enfermidades”, prosigue o presidente da asociación.

A posta en marcha deste punto de información está financiada pola Fundación Barrié de la Maza e a Federación Alzheimer Galicia (FAGAL) dentro do Programa Red Paraguas Alzheimer. Para máis in-

formación poden dirixirse á páxina www.afaga.com ou aos teléfonos de atención 986229797 ou 687764463 .



Charla sobre a vespa asiática, en Ponteareas

O mércores 22 de xuño ás 20.00 horas no auditorio Reveriano Soutullo estarán falando Xesús Asorey, voceiro da Asociación de Apicultores de Galicia (AGA), así como Tomás Rivero e Pablo Alarcón, apicultores locais, sobre a entrada da especie invasora, dos seus riscos e perigos e como actuar ante a súa presenza.

O executivo municipal é plenamente consciente dos prexuízos económicos que a vespa velutina ou asiática está a causar nos sectores apícola e froiteiro, do risco que supoñen para a seguridade cidadá e da redución que producen na biodiversi-

dade dos ecosistemas da zona. A avespa asiática aliméntase das abellas melíferas autóctonas, minguando de xeito importante a produción de mel, estragando boa parte das plantas froiteiras e influíndo negativamente, asemade, no proceso natural de polinización das flores.

Por isto, a Concellería de Medio Ambiente, dependente do alcalde Xosé Represas, levará a cabo unha campaña de difusión de folletos informativos sobre a problemática da vespa asiática. Nesta información explicase que é este insecto, os seus efectos negativos na biodiversidade,

as súas diferenzas coa vespa cabro, especie autóctona de Galicia, ou cómo facer trampas artesanais para capturalas.

Ademais, o Concello de Ponteareas lembra á veciñanza que, no caso de albiscar un niño da vespa asiática, poden colaborar nas actuacións contra esta especie invasora, chamando ao 618705640 ou enviando un correo electrónico a medioambiente@ponteareas.gal, ou mesmo chamando ao 012, servizo de Atención e Información á Cidadanía da Xunta de Galicia, administración coa competencia para combater este tipo de pragas.



Castelo MUEBLES



ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188

Tlf.: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

Castelo 2 MUEBLES



Tlf.: 986 642 925
Avda. Castelao, nº 26. PONTEAREAS

www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com

o remendón



- Reparación de Calzado
- Afiados
- Copias de Chaves e Mandos
- Cerrajería 24 horas

Rúa Rosalía de Castro, 61
SALVATERRA DE MIÑO

Telf: 637 764 865

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Rebaixa do 10% na contribución para 2017

O Concello aplicará un coeficiente reductor do 0,90 nos valores catastrais de 2009 para que sexan máis acordes coa realidade actual.

Esta rebaixa supón adaptar os valores catastrais, revisados en 2009 polo anterior goberno, á situación do mercado actual. O Alcalde afirmou que "as familias, aforrarán unha media do 10% no recibo do IBI que paguen en 2017 con relación ao que tributen neste ano 2016".

Represas incluíu esta medida de rebaixa dos valores catastrais a partir de 2017 "na folla de ruta marcada hai un ano, coa realización do primeiro orzamento dende 2010, atendendo o pago das débedas atrasadas e as sentenzas xudiciais para sacar o Concello do precipicio económico."

Ponteareas logra un novo obradoiro para 20 persoas desempregadas

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ven de aprobar a solicitude do Concello de Ponteareas para contar cun novo obradoiro de emprego. O importe da subvención da Xunta, 180.000 euros, financiará os salarios e a seguridade social dos 20 participantes e os profesores, correndo o Concello co coste dos materiais empregados.

O programa de atención socio sanitaria permitirá que 10 alumnos adquiren competencias de axuda no fogar a persoas con especiais necesidades de saúde física, psíquica e social, aplicando as estratexias e os procedementos máis axeitados para manter e mellorar a a súa autonomía persoal e as súas relacións co entorno.

O outro programa ten que ver coa especialidade de albanería e construción, que posibilitaría

que outros 10 estudantes poñan en práctica os coñecementos adquiridos a través da rehabilitación do local que está baixo o escenario do Parque da Feira Vella e de dúas vivendas na rúa dos Mesures coa finalidade de destinalas a situacións temporais de emerxencia social.

As persoas escollidas estudarán e traballarán durante seis meses e cobrarán unha remuneración igual ao salario mínimo interprofesional de 655,20 euros ao mes. Amais, o programa dará traballo a tres persoas para o equipo formativo do programa. O persoal docente a contratar está pendente por determinar en función dos criterios da Xunta de Galicia.



O alcalde Xosé Represas subliña que "este goberno ten como prioridade absoluta a creación de emprego en Ponteareas. Lograr un novo obradoiro era un dos nosos obxectivos para completar a formación e que 20 persoas poidan ter unha oportunidade laboral". Represas tamén recoñeceu o traballo dos técnicos e traballadores municipais que participaron na elaboración do obradoiro.

O Concello de Ponteareas multado con 6000 euros polas obras de 2013 na senda do río Tea

A dirección Xeral de Patrimonio ben de imporlle ao Concello de Ponteareas unha sanción de 6.000 euros polos danos causados na construción da senda do Tea ao seu paso polo Castro da Croa.

A senda foi realizada no ano 2013 entre a Freixa e o Pozo do Barco, na praia fluvial de Padróns ao longo do 3.160 metros, e implicou o removido de terras que afectaron á integridade do patrimonio conservado no xacemento arqueolóxico do castro da Croa, ben inventariado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

O actual Goberno local está traballando para contar cunha senda que respecte o rico patrimonio medioambiental e cultural da zona.

Pedro Sánchez acompañou aos alfombristas ponteareáns na Orotava

O Secretario Xeral do Socialistas e candidato do PSOE á Presidencia do Goberno, Pedro Sánchez, estivo acompañando aos alfombristas ponteareáns na confección dos tapices florais, o distintivo por excelencia de todo Ponteareas.

Este ano, unha delegación do tramo da Fonte do Baratillo da rúa Fernández Vega, foron os encargados do deseño e preparación do alfombra de flores de

Ponteareas na Orotava.

O Concelleiro socialista de Deportes, Benito Márquez, acompañou a delegación ponteareá ata á Illa. Alí, Márquez invitou ao candidato á Presidencia do Goberno, Pedro Sánchez, á alfombra ponteareá para que acompañase aos nosos veciños.

O candidato socialista non puido evitar colaborar coa delegación de alfombristas de Ponteareas. Pedro Sánchez puido

coñecer de preto a maior tradición da nosa vila, aproveitando o momento para tapizar con flores parte da alfombra que alí se estaba facendo.

A instantánea foi recollida por numerosos fotógrafos, para ser publicada en numerosos medios locais e nacionais, colocando a Ponteareas e as súas alfombras unha semana máis nos medios de comunicación.





Lucía Rodríguez prata en dobles e bronce en individual no Campeonato de España de Badminton Sub-13

A xogadora do Club Badminton As Neves Lucía Rodríguez logrou un importante dobrete no Campeonato de España sub 13 Se Busca Campeón, que tivo lugar en a Coruña do 3 ao 5 de xuño. Plata en dobles, xunto a estradense Natalia Murio, e bronce en individual.

Esta gran deportista salvaterrense iniciouse en bádminton á idade de 6 anos, e no seu pequeno traxecto conta xa con importantes logros deporti-

vos. O ano pasado foi ouro en individuais no campionato de España sub-11 e prata en dobles, que xunto co absoluto disputárase en Ponteareas. Está considerada pola federación española de bádminton como unha das xogadoras máis prometedoras para o futuro do bádminton nacional. Hai que resaltar que é a única xogadora galega que conseguiu 7 medallas consecutivas nas súas catro participacións en campionatos de España.

Reunión informativa en Soutolobre cos afectados do nematodo dos piñeiros

Seis anos despois de que fora detectado no municipio de As Neves, o nematodo do piñeiro volve a causar preocupación na comarca do Condado. A Consellería de Medio Rural confirmou a presenza deste verme nunha plantación da parroquia de Soutolobre, en Salvaterra do Miño, unha zona moi próxima ao anterior caso positivo. De acordo ao protocolo establecido, Medio Rural xa puxo en marcha un plan de acción na contorna da zona afectada.

Segundo o plan de continxencia aprobado polo Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente, deberá procederse á talla das árbores situadas nun radio mínimo de 500 metros arredor do foco, aínda que se pode reducir ata 100 metros por razóns sociais ou medioambientais, previa autorización da Unión Europea. Medio Rural xa confirmou que pedirá ao ministerio dita redución por razóns sociais. Do mesmo xeito, establecerase unha zona de alto risco nunha contorna de 20 quilómetros.

Este verme, coñecido como *Bursaphelenchus xylophilus*, provoca a seca das follas do

piñeiro. O proceso comeza na parte superior da árbore e esténdese posteriormente ao resto da follaxe ata que, finalmente, a árbore morre.

O sector forestal afronta con preocupación este novo caso. A aparición do nematodo no municipio de As Neves en 2010 levou á Consellería de Medio Rural a restrinxir a corta e transporte de árbores na contorna de 20 quilómetros entre os meses de abril e outubro durante cinco anos, ata outubro de 2015, provocando perdas económicas para propietarios de montes e empresarios e traballadores forestais. Polo de agora, segundo informa a Xunta, "non se van suspender temporalmente as autorizacións de corta de especies sensibles dentro desa área, de tal xeito que estas poderán concederse durante todo o ano". Todo depende, non en tanto, da evolución deste novo caso positivo.

Reunión informativa en Soutolobre

A principios deste mes de xuño, responsables da Xunta de Galicia, o Subdirector Xeral de Ordenación e Producción Forestal e as

Xefas de Servizo de Montes e de Explotacións Agrarias da Xunta de Galicia, acompañados do Alcalde e membros do equipo de goberno, mantiveron na Casa Multiúsos de Soutolobre unha reunión informativa cos propietarios afectados polo nematodo dos piñeiros localizado no monte de O Couto - Abelenda, da devandita parroquia.

Informouse que nun radio de 100 m á redonda se terá que efectuar un corte total dos piñeiros, nun prazo aproximado dun mes despois de publicar a Xunta de Galicia a correspondente Resolución, medida indicada pola

Unión Europea para a loita contra a propagación da devandita enfermidade. Os 34 propietarios afectados foron notificados para asistir á citada reunión, para informalos e aclarar todas as dúbidas que puidesen ter sobre as actuacións a levar a cabo. A esta assistiron máis de 50 persoas que puideron resolver as

súas dúbidas de primeira man e recibiron información de como realizar os devanditos cortes de piñeiros mediante as correspondentes solicitudes. Os representantes da Xunta de Galicia comprometéronse a contestar no mínimo prazo posible todas as solicitudes de corte para que os devanditos propietarios poidan realizar a tala dentro dos prazos establecidos. Os asistentes pediron que os cortes e retirada de árbores que realiza a empresa Tragsa se fagan sen causar danos nas árbores restantes, nos marcos e en xeral nas propias propiedades e nos camiños.

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS
Teléf. 986 660 826

OCASO

Maria Casal Alvarez
Agente de Seguros Exclusivo
Nº Registro DGSFP C013334873216H

Tel: 986 640 325
Móvil: 873452018
Fax: 986 641 461
E-mail: maria.casal@ocaso.es

Rosalía de Castro, 2 Baño
35860 Ponteareas (Pontevedra)

Vinoteca
Eira Vella
viños, tostados, pulgas e róns...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas
694 416 706

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra súmase á Campaña Areola Solidaria

O Concello de Salvaterra de Miño e AMEPO, a través do técnico de micropigmentación paramédica e oncolóxica, Menchu Carpenle, veñen de asinar un convenio de colaboración que ten unha dobre finalidade, por un lado dar a coñecer e difundir un tratamento, descoñecido por moitos, e por outro a financiación de tratamentos de micropigmentación oncolóxica en pacientes de escasos recursos no municipio de Salvaterra.

As pacientes que sufriron un cancro de mama saben que despois da reconstrución que practica o/a cirurxano/a aínda existe un paso posterior para superar definitivamente a enfermidade, que é a reconstrución da areola ou a cor da mesma. Dende AMEPO reivindicase a labor de crear areolas idénticas ás das mamas sas. A técnica a empregar denomínase "hiperrealismo" e crea

unha areola con pezón en tres dimensións, algo moi importante para a autoestima das mulleres e que permite pechar unha etapa, reproducindo incluso a aparencia rugosa desa área que rodea a areola, co fin sobre todo de mellorar a autoestima da paciente. Por iso o Concello de Salvaterra de Miño, a través da Concellería de Servizos Sociais que dirixe Marta Valcárcel Gómez, uníuse a esta labor de difusión ademais de promover que todas as mulleres poidan optar a este tratamento, sexa cal sexa a súa situación económica, coa axuda que se canalizará a través dos Servizos Sociais.

A Campaña Areola Solidaria, foi posta en marcha por AMEPO, e pretende concienciar da realidade que viven moitas das mulleres que son sometidas a mastectomías tras sufrir un cancro de mama. Mediante a micro-

pigmentación oncolóxica aumenta a autoestima da muller ao devolvelle-la imaxe do seu peito totalmente reconstruído e constatando así que o final da súa enfermidade chegou.

En Galicia, soamente Menchu Carpenle, técnico especialista en micropigmentación paramédica e oncolóxica con máster en micropigmentación oncolóxica, está acreditada para realizar esta técnica novedosa. Aproveitando o seu labor altruísta, en colaboración co Concello de Salvaterra de Miño, tratarase ás mulleres veciñas do concello que non poidan custear este tratamento pola súa situación económica. O Concello, previa valoración polo departamento de servizos sociais, remitirá ás posibles beneficiarias, asumindo os custos materiais que sexan precisos. O resto do tratamento, que ven sendo todo o traballo técnico, será asumido por



Menchu Carpenle, na súa clínica.

O Concello de Salvaterra de Miño coa sinatura deste convenio, convertese nunha das pri-

meiras administracións públicas de España en sumarse á Campaña Areola Solidaria, baixo o lema "Unha pinclada que da vida".

A Xunta anuncia melloras na rúa Rosalía de Castro

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, mantivo o pasado 9 de xuño unha xuntanza de traballo co alcalde de Salvaterra de Miño, Arturo Grandal, ao que lle trasladou que o Goberno galego iniciará no verán as obras de mellora do firme e reposición de servizos na rúa Rosalía de Castro. Vázquez Mourelle sinalou que a Xunta licitou estas obras no pasado mes de abril por un importe de máis de 300.000 euros.

O treito a mellorar, ten unha lonxitude de 600 metros. Repo-

ruse o firme da calzada, dende a glorieta existente coa rúa do Miño ata o final do treito urbanizado, incluíndose tamén accións de instalación de novas redes de saneamento e pluviais.

Tamén se falou da senda peonil que se está levando a cabo na estrada PO-402 que vai dende o cruce de Oleiros ata a igrexa, cuxo investimento é de preto de 60.000 euros. Esta senda de medio quilómetro de lonxitude, pola marxe dereita da estrada, comunicará o núcleo de Oleiros co cemiterio.



ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1903

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumbrados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 - Avda. 681 84 01 55 - 85 - email: administración@electricidadcondado.es
Edif. Ind. Chou do Pazo, Ave. 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

Talleres Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATERRA (Portevedral)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax: 986 66 15 41

SPG
TALLERES

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Tel: 698 126 552

milfollas@munco-r.com

SALVATERRA DE MIÑO

Exposición de artes e oficios con bonecas no Castelo de Dona Urraca

O Concello de Salvaterra de Miño organiza unha exposición de artes e oficios con bonecas de porcelana, inaugurada o domingo día 19 de xuño e ubicada no Castelo de Dona Urraca, punto onde está situada a Oficina de Turismo, que aparte de dar información sobre a propia exposición atende as visitas e da información sobre o conxunto histórico da Vila e todo o patrimonio e diversidade que ofrece o Concello e zonas limítrofes.

Esta exposición estará integrada por máis de 300 bonecas, Nancy antigas e bonecas de porcelana, así como por numerosos e variados obxectos en miniatura que dan un toque de gran realismo ás escenas que recrean o modo de vida tradicional e costumes na Galicia dos nosos antepasados.

As bonecas estarán vestidas na súa totalidade pola man de Carmen Costas, viguesa de formación autodidacta, que leva máis de 10 anos traballando nas labores de recopilación de bonecas e búsqueda de obxectos en miniatura.

A través desta colección recrearanse escenas de traballo no campo e no mar, oficios tra-



dicionais, días de mercado e feira, festas e romarías, e un sinfín de imaxes da vida cotiá, costumes e tradicións de Galicia, nas que se mostra a riqueza do traxe tradicional, da nosa cultura e do noso patrimonio etnográfico.

A exposición terá lugar no Castelo de Dona Urraca, espazo

histórico declarado Ben de Interese Cultural dende o ano 1949, e estará aberta ó público todos os sábados e domingos entre os días 19 xuño e 24 de xullo. O horario de apertura será os sábados de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h e os domingos de 11:00h a 14:00h.

Campamentos e cursos de verán en Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño organiza campamentos de verán na Canuda e unha variedade de actividades que facilitarán a conciliación familiar e laboral e farán que os nenos poidan divertirse aprendendo.

Estas actividades desenvolveranse ao longo do mes de xullo organizadas en dúas quendas cada unha. Así os nenos poderán apuntarse aos campamentos de verán, a cociña galega, cociña oriental, actividades de biblioteca, curso de inglés ou curso intensivo de chino.

O Concello de Salvaterra de Miño presenta a programación de verán para os máis cativos do municipio. Un programa diverso con actividades variadas, enfocado a diferentes idades, que busca facilitar a conciliación da vida laboral e familiar nos meses estivais.

O Concello, aparte dos cursos de natación que se levan a cabo nos meses de xullo e agosto, ofrece diversos campamentos gratuítos (segundo idades), cursos de cociña galega e oriental. Ademais como novidade este ano, a parte do curso intensivo de Chino tamén se impartirá un

curso de Inglés, ámbolos dous nos meses de xullo e agosto.

Máis de 350 rapaces serán os beneficiarios desta iniciativa que promove a conciliación e a interacción entre os nenos e nenas, mozos e mozas do noso municipio.

Os nenos e nenas de 4 a 7 anos poderán participar no campamento que ofrece a Biblioteca Municipal, que estará dividido en dúas quincenas, do 1 ao 15 de xullo e do 18 de xullo ao 1 de agosto.

Os nenos e nenas de 6 a 15 anos terán a posibilidade de participar no Campamento de Verán que se organiza no Parque Público A Canuda, tamén dividido en dúas quincenas, do 1 ao 15 de xullo e do 18 de xullo ao 1 de agosto.

O Curso de Cociña Galega, para rapaces de 11 a 16 anos, desenvolverase do 4 de xullo ao 8 de xullo e para rapaces de 17 a 25 anos, do 11 ao 15 de xullo. O de Cociña Oriental, para os de 11 a 16 anos, do 18 ao 21 de xullo e para os de 17 a 25 anos, do 26 ao 29 de xullo. Os cursos de inglés e o intensivo de chino son para rapaces de 16 a 25 anos.



CONDADO/PARADANTA

AS NEVES

XI Festa do Tinto Rías Baixas



AS NEVES
pontevedra **9 e 10 de xullo de 2016**

Organiza:



Colaboran:



Máis de 120 trofeos repartidos entre 225 equipos e 3.000 futbolistas da Liga Metropolitana

O acto de clausura e entrega de trofeos da Liga Metropolitana tivo lugar no auditorio do Centro Dotacional de Torroso, en Mos coa asistencia do concelleiro de Deportes de Mos, Alberto Méndez. Tamén estiveron presentes Rodolfo Dapena, representante da compañía de seguros Mapfre, a mosense campiona de España de BTT Maratón, Susana Alonso Carballo; e alumnos de Patricia Martínez na Escola Municipal de Baile Deportivo fixeron unha exhibición.

No acto clausurouse a tempada 2015-2016 da Liga Metropolitana de Fútbol 7 e Fútbol Sala, na que participan máis de 225 equipos e máis de 3.000 deportistas. Trátase da maior liga recreativa non federada de Galicia, na que participan equipos de tódolos concellos da Área Metropolitana de Vigo.

Entregáronse máis de 120 trofeos a tódolos premiados en dita competición durante a presente tempada. Entre eles cómpre destacar ós campións de Liga e Copa que a continuación se detallan:

Campións de Liga:
Fútbol Sala:
 División de Honor: Muebles Alacena
 Primeira División A: Picacho
 Primeira División B: República
 Liga do Condado: Santa Mariña de Xinzo

Fútbol 7:
 División de Honor: Xidadante
 Primeira División A: Astur
 Primeira División B: Grupo Maviva
 Segunda División A: La Garnacha
 Segunda División B: West Camp Cabral
 Feminina: Unión Deportiva Mos

Campións de Copa:
Fútbol Sala: Pereira
Fútbol Sala Condado: Santa Mariña de Xinzo
Fútbol 7:
 Masculino: E3 Asesores
 Feminino: El Olivo e San Salvador de Budiño



PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arcebrón, 11 - Salvador de Carballo
 T: 986 115 548
 Rúa Galicia, 5 - Salvador de Mos
 T: 986 658 829

www.pinturasfernandomiguez.com

almacén de pinturas
 Distribuciones Fariña García

Omar J. Fariña Barco
 GERENTE
 609 366 364

Abejera, 88 baixo • Angoares
 PONTEAREAS
 Telf. 986 65 11 45

Casa Eligio
 RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047
 C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

Estación de Servicio As Neves
 N.º 34.628

C/ Laredo 7, As Neves - Pontevedra
 Email: es.asneves@fpnra1.com
 Teléfono: 986 648 081

Lavado y aspirado a mano

Repuestos para vehículos (Filtros, aceites, etc)
 Mecánica rápida y cambios de aceite

RIVERO Casa

RESTAURANTE

Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

expert SanFer

986 648 270

R/ Entreciás, 12
 36440 AS NEVES

www.sanfer.net
 sanfer@sanfer.net

CONDADO/PARADANTA

Candela Alonso e David Fernández galardoados co Síntete Covelo

O Concello de Covelo concedeu os II Galardóns Síntete Covelo, cos que quere resaltar a labor das persoas que ofrecen ao este pobo a oportunidade de crecer, á patinadora artística Candela Alonso e ao dramaturgo e poeta David Fernández Rivera.

No ámbito deportivo o recoñecemento foi para Candela Alonso Rodríguez, do Club Patinaxe Covelo, que no mes de abril proclamábase subcampeona provincial junior, en maio subcampeona galega junior e o vindeiro mes de xullo disputará o Campionato de España. Candela, xa 4 veces campiona galega ten participado en competicións nacionais e internacionais, sendo convocada pola Selección Española en distintas ca-

tegorías para participar en campionatos de nivel internacional.

No cultural, David Fernández Rivera, poeta, dramaturgo, actor, coreógrafo e artista plástico con abundante obra poética desde moi novo e compañía teatral propia, foi galardoado de novo por un concello que xa lle otorgou a distinción de Fillo Predilecto no ano 2011. O pasado mes de abril visitou aos alumnos de quinto de Educación Primaria do C.E.I.P. Antonio Blanco Rodríguez de Covelo coa vontade de ofrecerlles o taller de poesía visual "Proxecto Caligrama 2000", organizado pola Concellería de Cultura. O vindeiro 2 de xullo a súa compañía de teatro amenizará a entrega dos premios de contos das escolas de Covelo.



A área de autocaravanas deixa cartos en Mondariz

Área de Autocaravanas de Mondariz deixou, na fin de semana da súa inauguración, máis de 7.000 euros de negocio na vila, segundo confirmou a Asociación Galega de Autocaravanas (AGA), logo de facer balance do gasto realizado polos participantes ao longo dos dous días que permaneceron no municipio.

Para a realización do balance, AGA solicitou aos participantes que lles fixeran chegas os tickets e facturas dos gastos realizados durante a súa estancia en Mondariz. Aos máis de 6.000 euros 'contabilizados', hai que engadir,

segundo sinala a Asociación Galega de Autocaravanas, aqueles nos que os socios esquecen de pedir o recibo ou a factura e os gastos realizados no mercado do domingo, que tampouco se tiveron en conta á hora de facer o balance total de gasto.

AGA remitiu un escrito, no que amais de dar as grazas ao Concello e a todos cantos participaron na organización, salientan especialmente "o ben acondicionada que está a área de autocaravanas" e o lugar privilexiado no que se atopa, engadindo que "esperamos que o visiten moitos autocaravanistas, e así o diremos a

todos aqueles que atopemos no noso camiño".

A Área de Autocaravanas do municipio xa se atopa colocada na web de AGA e na da páxina nacional www.areasac.es, na que están recollidas todas as áreas de España e Europa. A maiores, AGA comunicou ao Concello de Mondariz que xa se deron os pasos necesarios para que, o vindeiro ano, a Área de Autocaravanas de Mondariz apareza nas páxinas web e guías de autocaravanas de Europa.

Pola súa banda, o Concello dará a coñecer as súas festas máis importantes entre os usu-

rios de autocaravanas, de tal xeito que "nesas datas sinaladas, Mondariz constitúa un lugar ape-

tecible para os usuarios das Autocaravanas e o teñan en conta á hora de facer as súas rutas".



Forjados Hnos. Durán S.L.

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarrome, 1
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 130
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosdurán.com
http: www.forjadosdurán.com

ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Frente á gasolinería, e xunto a XES

AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA
CHAPA E PINTURA Ó FORNO
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE
VARIÉDADE EN RODAS

Razo, 8
Tortoreira

tel: 986 66 74 88
36849 AS NEVES

Palillada multitudinaria en Mos con motivo das Festas da Rosa

Finalmente foron 623 as palilleiras que participaron na novena xuntanza mosense

A tradicional Xuntanza de Palilleiras con motivo das Festas da Rosa chegou este ano á súa novena edición cun auténtico récord de participantes. A mediados de semana os preinscritos ascendían a 615 persoas, pero ó final o número elevouse ata 623.

A IX Edición da Xuntanza de Palilleiras de Mos celebrouse en Costoias-Tameiga o sábado 18. Pola tarde achegouse ata alí a ministra de Fomento en funcións, Ana Pastor, acompañada da alcaldesa mosense, Nidia Arévalo, a concelleira de Cultura, Sara Cebreiro, e outros membros da Corporación Municipal.

A Xuntanza de Palilleiras é xa un referente para un gran

número de asociacións que dende moitos puntos de Galicia se achegan a Mos cada ano. Nesta ocasión visitaron a localidade mosense asociacións de palilleiras chegadas dende Fene, A Guarda, Redondela, Pastoriza, A Coruña, Ourense, Laxe, Burela, Sanxenxo, Portonovo, Nigrán, Camariñas, Vigo, etc.

A de Mos é unha xuntanza diferente á de outros concellos, xa que ten lugar ao aire libre, nun entorno como o Parque de Costoias. Este ano foi ademais moi especial para a Asociación de Palilleiras de Mos, xa que contaron coa visita de Raquel M. Adsuar.

A xornada de encontro contou tamén coa actuación



de Cristian de Samil, ás 17:00 horas, que foi o encargado de poñer o toque de humor a esta novena edición. O sorteo de agasallos e despedida realizouse ás 19.30 horas.

Previo á Xuntanza de Palilleiras, a rexedora local, Nidia Arévalo, e a edil de Cultura mosense, Sara Cebreiro, recibiron o día anterior no Concello a Raquel M. Adsuar, palilleira de Denia, Alicante, que acudiu acompañada pola presidenta da Asociación de Palilleiras de Mos, Montserrat Pereira Troitiño e outras integrantes da agrupación. Raquel, blogueira reputada e moi seguida a través de Youtube, trouxo a súa peza de encaixe máis grande: un abanico confeccionado con 450 palillos e 23 puntos de encaixe diferentes. As dimensións desta auténtica obra de arte son dun metro de ancho por 40 centímetros de alto, trátase do aba-

nico de Encaixe de Torchón máis grande do mundo, para o que a súa autora, que é ademais violinista profesional adicada á docencia, está a tramitar o Record Guinness. Raquel Adsuar tardou en rematalo catro meses e medio, adicándolle nalgunhas ocasións ata 15 horas diarias de traballo.

Durante a xuntanza Raquel tivo exposto este abanico xigante e palillou unha nova peza para a que está a empregar un total de 2.000 bolillos.

A Xuntanza de Palilleiras é xa un referente para un gran número de asociacións que dende moitos puntos de Galicia se achegan a Mos cada ano. Nesta ocasión visitarán a localidade mosense asociacións de palilleiras chegadas dende Fene, A Guarda, Redondela, Pastoriza, A Coruña, Ourense, Laxe, Burela, Sanxenxo, Portonovo, Nigrán, Camariñas, Vigo, etc.

Mos reabre a piscina de San Eleuterio

O concelleiro de Deportes anunciou a apertura ó público da Piscina Municipal ó aire libre de San Eleuterio. Estas instalacións constan de dous vasos, un grande e un pequeno, destinado este último ó uso e disfrute dos cativos.

A piscina permanecerá aberta ao público dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro.

O horario de apertura da piscina será de 11.00 a 22.00 horas ininterrompidamente durante os meses de xuño e xullo; e de 11.00 a 21.00 horas o mes de agosto e do 1 ó 15 de setembro.

Chan do Bosque organiza unha fogueira de San Xoan

A Asociación de Veciños Chan do Bosque de Amieirolongo, parroquia de Sanguñeda, organiza a súa propia fogueira de San Xoan que se celebrará o xoves 23 de xuño.

A programación de actividades comezará ás 17.45 horas da tarde para facer a recollida de herbas medicinais e, ademais de recolectalas, coñecer os seus diferentes nomes e propiedades.

A xornada contará tamén con xogos populares e agasallos para os máis pequenos, xunto con música e moita diversión coa amenización musical do grupo Amieiro e os acordeonistas da A.V.V. Chan do Bosque e As Lagarteiras das Pedriñas.

O lume e os conxuros da fogueira chegarán a partir de medianoite; e serviránse sardiñas, costela, chourizo, pan e viño a prezos populares. Organizarase tamén un sorteo e finalizarase cunha gran queimada.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Citanía

Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas

Telf./ Fax : 986 34 06 06

www.facebook.com - info@citaniasalceda.com

www.citaniasalceda.com

José A. Cabaleiro R.

Fontanería - Calefacción - Electricidad
Bombas Sumergibles - Piscinas
Placas Solares Térmicas - Biomasa



Telf.: 639284053
e-mail: jacrielo@hotmail.com

Cerquelral nº8A - Po 36471 - Entença



ElectroGranxa

ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO

Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com

www.electrogranxa.com



Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 259 - Nave 3. 36400 PORRIÑO - Pontevedra



Repuestos OJEA

REPARACIÓN AUTOMOCIÓN

Avda. Galicia, 44 Bajo
Salceda de Caselas

☎ 986 34 33 71
Fax: 986 349 686
repuestosojea@gmail.com



Pizzeria D'Camilo

V.P. Vidal, 25
Salceda de Caselas

Telf.: 986 34 06 61



Seguros Bilbao

David Alonso Bargiela
Nº Reg. Mediador: C002676907675E
Axente de Seguros Exclusivo de Seguros Bilbao
Gerente

david.alonso@segurosbilbao.com

Venezuela nº 33, Bajo
36204 Vigo (Pontevedra)
M 628 181 255 - F 986 220 029



Bodega Z-9

C/ Doctor Zonzunegui Nº 11
Telf: 986 34 78 07 - Salceda de Caselas



Axespa s.l.

Asesoría laboral, fiscal e contable

- Tramitación de todo tipo de subvencións
- Elaboración de proxectos (memorias, estudos de viabilidade, presupostos...)
- Constitución de empresas
- Tramitación de documentos oficiais
- Asesoramento medioambiental

Asesoría, Xestión e Servizos de Parada, S.L.

Prza Malva, 6 36440 Ao Nave
Telf: 986 66 46 02 axespa@junta.es



PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arcebrón, 11 - Salceda de Caselas
☎ 986 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salceda de Caselas
☎ 986 658 929

Móvil: 645 311 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com



¡Ven a participar en nuestras actividades TEMPOS!

Prezo: Gratuito

INSCRÍBETE NO TELÉFONO 654 075 751

VENRES 20 DE MAIO, ÁS 8 DA TARDE

CONTACONTOS

XORNADAS BILINGÜES (inglés-galego)

ENTRADA GRATUITA

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH



Reveriano Soutullo, 3 - 1º B

☎ 654 07 57 51

Superavit nas contas de 2015 do Concello de Salceda de Caselas

A deveda coas entidades financeiras situase o final do 2015 nun 28% dos ingresos correntes dun ano. O remate deste ano situarase por debaixo do millón de euros.

O Concello de Salceda de Caselas acaba de pechar as súas contas do exercicio pasado e dalas a coñecer públicamente a través do documento de liquidación do orzamento do 2015.

Os resultados económicos que o equipo de goberno de Movemento Salceda fixo públicos reflicten no peche das contas unha situación de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dando cumprimento ó establecido na Lei Organica 2/2012. Deste xeito os recursos correntes e de capital son suficientes para facer fronte ós gastos correntes e de capital obtendo unha capacidade investidora de 452.112,19 euros, situación calificada

como de equilibrio en termos de capacidade de financiamento municipal.

Constátase o cumprimento da "Regra de Gasto" con respecto ó exercicio económico anterior polo cal o concello de Salceda non superou o seu gasto en máis do estipulado polo Estado segundo o crecemento do PIB fixado polo Estado.

Pola diferenza dos dereitos recoñecidos netos (ingresos) de 4.260.620,33 € e as obrigas recoñecidas netas (gastos) de 3.382.961,77 € obtense o Aforro do Concello ó peche do exercicio e que según constata o informe da interventora municipal ascende a 532.079,6 euros de Aforro Neto. Por outra banda o remanente nega-

tivo de tesourería mellora con respecto ó exercicio anterior en 248.314 €, quedando ó final do exercicio 2015 por debaixo do medio millón de euros.

O nivel de débeda do Concello de Salceda de Caselas coas distintas entidades financeiras reduceuse considerablemente nos últimos 3 anos. Amortizouse neste tempo 6 dos 11 préstamos que existían por importe de máis de 700.000 €, pechando o exercicio 2015 en 1,1 millóns de euros e que representa un 28,46% dos ingresos correntes liquidados nun ano, moi por debaixo do límite do 75% de referencia para as administracións.

José Luis Gonzalez, Concelleiro de Facenda: "Os datos ó peche do exercicio 2015 melloran sustancialmente. Conseguimos un aforro orzamentario de medio millón de euros e reducimos a débeda municipal considerablemente o cal nos da marxe de actuación financeira, xa que



cumprimos cos obxetivos que marca a Lei en materia económica e de Estabilidade"

Marcos Besada: "Aínda estando gobernando en minoría e sufrindo recortes constantes dende outras administracións seguimos a traballar e a conseguir día a día manter os servizos básicos para a nosa cidadanía".

Dor pola morte do xove David "Michiño"

O pasado venres 3 de xuño aparecía o corpo sen vida de David Fernández Suárez, músico de Salceda de Caselas e coñecido co Michiño, tras perderse a súa pista o venres anterior na localidade portuguesa de Lapela en Monção. Atopárono aboiando no medio do río Miño moi preto da sede da comandancia naval. Foron uns pescadores os que deron a voz de alarma. Un buque da Armada custodiou o corpo, mentres agardaban a chegada do xuíz para o levantamento do cadáver. Suponse que o corpo saíu á superficie da auga tras un proceso natural polo que fora arrastrado ate o fondo.

A búsqueda de David Fernández, iniciárase o sábado anterior por sus compañeiros e veciños de Salceda, así como por parte da Comandancia

Naval do miño e da Armada Portuguesa. Xa o domingo se incorporaron buceadores de Galicia y Portugal, e pecharonse as compuertas do embalse de Frieira. O rastreo focalizouse nos denominados "pozos", ubicados cerca de la desembocadura del río Caselas, en Caldelas de Tui. Os últimos días actuouse con unidades caninas, drones e sobre todo con embarcaciones de kayak que peinaron o río.

O Domingo 5 de Xuño recibiu sepultura no cemiterio da parroquia de Entenza acompañado duna multitudinaria conducción do cadaver, celebrándose o día seguinte un multitudinario funeral na igrexa da mesma parroquia. Tras isto sucederons unha serie de homenaxes por parte de veciños e amigos.



**II Feira Historico
MEDIEVAL
Salceda de Caselas
1,2 e 3 de Xullo
Praza do Concello**

**Inauguración
Venres 17:00**

Artesáns
Embutidos
Gran Pulperia
Barco Medieval
Atraccions para Cativos
Malabarismo
Cetrería
Persoaxes Máxicos
Noite de Fogo

Venres 1: Gran Cea - Baile Medieval
Sábado 2: Concurso de Disfraces

acisa. asociación
Concello de Salceda de Caselas
Inscripción: 610 871 088

LOURIÑA

O PORRIÑO

80 nenos participaron no I Torneo Escolar de Xadrez



Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada polo deputado provincial, Santos Hector, a concellería de Educación, Lourdes Moure, Jose Monte, Vereador de Cultura, Deporte e Xuventude e da Cámara de Valença, e José Luis Abilleira, director do CEIP Plurilingüe de Atios, entregou este luns os trofeos aos gañadores do I Torneo de Escolar de Xadrez do Porriño.

No mesmo participaron 80 xogadores, de 6 a 16 anos, dos

centros Antonio Palacios, Cruz-Budiño, José Fernández López, o propio Antonio Palacios, Hermanos Quiroga, Santo Tomás, IES Pino Manso, IES Ribeira do Louro, CPI da Ribeira e CEE Santísimo Cristo del Amor.

Os vencedores foron, nas categorías Sub 8, Sub10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16, Anxo Castaño Otero, Rodrigo Martínez, Lucas Represas, Adrián Carpintero e Javier Pérez Rocha, aínda que todos os participantes foron dis-

tinguidos cunha medalla que premia a súa presenza nesta primeira edición do torneo.

Como sinalou Eva García de la Torre, esta cita, "que se repetirá nos vindeiros anos, cumpriu co desexo que tiñamos todos os que participamos e contribuímos á súa organización: o de potenciar as capacidades e os valores das alumnas e alumnos, fomentar o traballo en equipo e a resolución de problemas".

Os obxectivos deste torneo, como sinalaron os seus impulso-

res, entre eles o representante da Deputación, Santos Héctor, eran introducir un proxecto educativo europeo non centros educativos do Porriño, implantar o xadrez coma sinatura relacionando a mesma con outras materias, como matemáticas, literatura, historia, xeografía, informática ou idiomas; mellorar o rendemento escolar, aplicar os recursos informáticos, crear e xestionar un club ou escola municipal de xadrez e impulsar un programa municipal de xadrez.



Ladrón detido pola Policía Local

Agentes da Policía Local do Porriño detiveron o pasado martes, ás 04:50h., a J.R.M.P. de 33 anos de idade, veciño de Vigo, por un presunto delito de roubo con forza nas cousas. O detido foi sorprendido no acto polos integrantes dunha patrulla do 092, que se atopaba en labor de vixianza, cando este saía dun establecemento de hostalería da rúa Antonio Palacios.

O detido foi quen entrar no local logo de forzar a porta principal e, cando estaba saíndo do establecemento arastrando unha máquina comecartos, que tentaba meter nun vehículo, foi sorprendido polos axentes.

O detido foi levado e entregado á Garda Civil do Porriño para a súa posterior posta a disposición xudicial. Asimesmo, os policías comprobaron que o coche que pretendía usar para levarse a máquina, non tiña seguro obrigatorio e tampouco pasara a ITV, polo cal foi inmovilizado no depósito municipal.

Cese de dous funcionarios que están sendo investigados xudicialmente

Alcaldesa ven de aprobar o cese nas súas funcións de dous integrantes da Policía Local, como deu conta á Mesa de Persoal do Concello. Eva García de la Torre xustificou a súa decisión no feito de que os dous están sendo investigados, xudicialmente e, da cordo co actual lexislación non deben de seguir desempeñando a súa labor.

Polo que se refire ao primeiro dos funcionarios, o procedemento no que está inmerso foi declarado como 'complexo', o que pode determinar que o mesmo dura varios meses máis, o cal, subliña a alcaldesa non compatíbel coa desempeño do seu traballo coma axente da Policía Local. No segundo dos casos, o funcionario está investigado a

petición da Fiscalía.

Eva García de la Torre reiterou, nos dous casos, o "completo e estrito respecto" á presunción de inocencia, subliñou que, de ningún xeito, esta decisión suporá unha perda económica para os dous funcionarios, xa que seguirán percibindo o seu soldo.

Ademais, a alcaldesa, como informou aos sindicatos presentes no Concello, os dous ceses durarán ata que haxa unha decisión xudicial e transmitiu o "meu desexo de que todo saia ben para estes dous funcionarios e poidan regresar aos seus postos no Concello do Porriño co seu nome completamente limpo".

Aberta a inscrición nos campamentos de verán do Concello

Concellería de Benestar pon en marcha os 'Campamentos de Verán' dirixidos a rapaces nados de 2004 a 2010, que ten coma obxectivo principal facilitar a conciliación da vida familiar e laboral durante o período estival.

Os campamentos, que teñen un custo de 10 €, e nos que se reservan prazas de balde para rapaces e rapaces integrantes de familias en situación de necesidade, se desenrolarán en 7 semanas, ocuparán aos máis cativos da casa en distintas tarefas de lecer e formativas dende finais de xuño á metade de agosto.

As quendas serán as seguintes: 1ª semana: do 27 de xuño ao 1 de xullo; 2ª semana: do 4 ao 8 de xullo; 3ª semana: do 11 ao 19 de xullo; 4ª semana: do 18 ao 22 de xullo; 5ª semana: do 25 ao 29 de xullo; 6ª semana: do 1 ao 5 de agosto e 7ª semana: do 8 ao 12 de agosto.

As persoas interesadas deben formalizar a inscrición no Centro de Información á Muller (CIM), no terceiro andar do Concello. Alí deberán cubrir a folla de inscrición, indicando a semana na que queren que participen as pequenas e pequenenas.

EMILIO seguros



DECESOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

telf. información: 609 544 351

GASOLEOS TEA



Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Tel. e Fax: 988 81 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GIARDA
T.F.: 988 88 13 90 - Fax: 988 88 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado



Terraza de verano interior
Cra. N-120
Vilagroboso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 988 664 434

O PORRIÑO

20 desempregados formaranse, cobrando, nun obradoiro que reformará a escola de Covelo, en Atios

A Concellería de Emprego organiza un Obradoiro para 20 persoas, todas elas desempregadas, que serán seleccionadas na Oficina do antigo INEM. Os participantes recibirán formación, teórica e práctica, en albanelería, restauración e xardinería e durante 6 meses, cobrarán unha retribución mentres fan obras de reforma da Escola Unitaria do lugar de Covelo, na parroquia de Atios.

Como salienta a concelleira Soledad Girón, polo que atangue á preparación en xardinería, as alumnas e alumnos, ademais de recuperar o entorno da Escola de Covelo, asumirán a restauración medio ambiental do centro de avistamento de Aves de As Gándaras.

Girón subliña que esta iniciativa, que é posible logo dunha achega de 180.000 € da Xunta de Galicia máis a aportación de 42.000 € do propio Concello, permite “ademais da formación das alumnas e alumnos, que teñan un traballo remunerado durante 6 meses e que rematen proxectos dos que



poderán beneficiarse todos as veciñas e veciños do Porriño”.

Este modelo, indica Soledad Girón, é o que quere potenciar o goberno local dentro dos plans de emprego municipais, “contri-

búen á integración laboral, están remunerados, contribúen a completar a formación, aumentan a experiencia de persoas que están en situación de desemprego e redundan en beneficio da vila”.

O Concello coloca os toldos da escola infantil de Doantes


A Concellería de Educación, dirixida por Lourdes Moure, instalará de xeito inmediato os toldos na Escola Infantil a Galiña Azul de Doantes, tal e como se comprometerá no seu día o goberno local para paliar o calor que teñen que pasar as cativas e cativos que acuden ao centro.

Hai varios meses o Consorcio de Igualdade e Benestar, dependente do Goberno de Galicia, e o goberno local chegaran ao acordo de que o Concello colocaría o debandito toldo mentres non se instala a climatización por parte do Consorcio que, como indica a concelleira, xa ten a partida orzamentaria para o mesmo e “agardamos que funcione xa no mes de agosto”.



LOURIÑA

O PORRIÑO



Anteproxecto: Mellora da contorna do mercado do Porriño

Propiedade: Concello do Porriño

Arquitectos: Irisarri + Piñera

abrir o mercado á rúa

A súa situación no corazón da urbe é outra das grandes achegas a esta dos mercados.

O seu uso activa o espazo público nos tránsitos peonís dos cidadáns, realzando a presenza do comercio local e a vida nas rúas. Prodúcese así sinerxias coas circulacións peonís xeradas pola rúa, e contribúese a alcanzar unha masa crítica que constitúa a área en centro comercial e de lecer cidadán.

O establecemento dun perímetro permeable facilita o diálogo do mercado coa cidade, xerando novos espazos públicos onde o dentro e o fóra quedan difusos: O espazo público como impulsor de actividade para o mercado.

Conformar o espazo exterior do mercado como un espazo público multifuncional permitirá a consolidación e expansión do propio mercado.

Para iso o anteproxecto contempla un elemento arquitectónico, unha marquesiña a modo de loxia ou soportal tradicional, que adecuado ao clima local defina como ámbito estancial e peonil o marco perimetral do edificio.

cualificar os espazos _ pavimentos

A actuación deslinda áreas peonís e estanciais que actúan como futuro soporte das novas actividades de mercado e extensión do mesmo, ademais de mellorar a seguridade e funcionalidade de toda a área urbana.

Preténdese homoxeneizar o tratamento do ámbito de maneira que o conxunto percíbese de forma unitaria nunha contorna no que xa conflúen moi diversos tratamentos do espazo público.

Como base material adóptase o uso do granito rosa porriño, material xa presente e que define a presenza e materialidade do

mercado de abastos. O granito rosa en diversas disposicións e texturas, inserido nunha base de formigón unificador, permitirá cualificar e deslindar visualmente as diversas zonas.

revaloración edificio do mercado _ patrimonio

O edificio do mercado ten o valor engadido da súa arquitectura, proxecto do arquitecto Xosé Bar Boo (1923-1994), quizais a figura máis representativa da arquitectura moderna en Galicia.



Non hai que esquecer que Porriño ten no seu patrimonio arquitectónico pezas de Antonio Palacios de singular valor cidadán pois é unha figura querida e apreciada pola cidade.

A recuperación do mercado e o seu espazo público sumariase así a un conxunto que inclúe o atrio da Igrexa, a praza do Concello e todo o conxunto peonalizado central.

Propónse neste anteproxecto recuperar o perímetro do mercado respectando a súa estrutura formal: o zócalo que o separa do chan recuperando a idea orixinal do arquitecto.

Deste xeito é o edificio o que recupera a

súa posición de definir as cotas da contorna como en orixe. Procederáse tamén á eliminación de acometidas aéreas de cables.

economía dixital _ eficiencia enerxética

O anteproxecto incide nunha mellora e aumento da actividade económica da área. Así como dos subministradores e emprendedores de negocios relacionados coa venda neste tipo de lugares.

Contéplase tamén unha renovación da iluminación urbana, de modo que axunte cualidades ambientais e paisaxísticas a unha maior eficiencia enerxética, axudando a diminuír o gasto de mantemento e a pegada ecolóxica.

O anteproxecto propón tamén incenti-

var a presenza exterior do mercado tanto na propia praza como en redes dixitais. Para iso propón a creación dun espazo interactivo coa pantalla dixital no que hoxe é un muro con grafitis, xerando así un lugar de encontro e dinamizador.

recuperación espazo público

Unha praza no acceso principal conectada coa rúa comercial e o Concello a través dun paso por unha galería comercial.

E a posibilidade dun lugar para expansión das actividades do mercado ou un mercado temporal no lateral conectado tamén coa rúa comercial.

Este novo espazo cidadán vinculado ao mercado e o comercio será capaz de ofrecer e dar soporte a diversas accións e actividades. Organizando eventos que pretenden non só dinamizar o espazo, senón consolidalo como lugar de encontro.

Ao obxectivo de incentivar o consumo nesta superficie comercial tradicional, sumarase a mellora e recuperación urbana deste espazo cidadán fundamental en Porriño, que ademais das súas melloras funcionais e urbanísticas, servirá para soporte e incentivo a múltiples actividades comerciais, que na órbita da praza de abastos incrementarán tanto a súa actividade como a súa oferta, na liña de volver recuperar como espazo de comercio as prazas e soportais que delimitan estes lugares nas nosas cidades.



O PORRIÑO

os mercados hoxe

Inmersos nunha dinámica que nos levou a preferir o modelo da gran superficie fronte ao pequeno comercio ou de abastos tradicional, atopámonos nun punto de non retorno, onde debemos apoiar un sistema máis xusto, sustentable e que finalmente favoreza o desenvolvemento local, e a reactivación económica e social a partir de iniciativas públicas e cidadás e independentes para sacar adiante un espazo que é de todos, e que pretende seguir servindo a un cidade e á súa contorna, recuperando a vibrante vida e dinámica dunha variada e renovada oferta en produtos e actividades.

Cada vez máis cidades están a descubrir que este tipo de equipamentos son perfectamente actualizables para ofrecer un modelo de consumo actual, saudable e sustentable. Moitas delas levan anos envorcadadas nun proceso de revitalización e posta en valor dos seus mercados urbanos, que non só evolucionaron os seus modelos ou recuperaron a súa actividade tradicional, senón que en moitos casos convertéronse en novos espazos para manifestacións culturais relacionadas - ou non tanto - coa gastronomía e a tradición. Fóronse adaptando aos novos costumes do consumidor, seguindo diferentes modelos: uns cun cambio radical dirixido cara á restauración e o turismo, e outros mantendo a súa verdadeira razón de ser: o abastecemento de produtos frescos de calidade con predominio dos producidos nas súas propias colleitas, como elemento diferenciador do resto, incorporación de novas experiencias vinculadas a produtos, gastronomía local, cultura etc.



Irisarri + Piñera

Jesús Irisarri Castro e Guadalupe Piñera Manso son arquitectos con oficina en Vigo. Son profesores de Proxectos Arquitectónicos da Escola de Arquitectura de Coruña. Jesús Irisarri foi profesor convidado na E.T.S. de Arquitectura de Navarra, Madrid e Sevilla, así como do "International Laboratory of Architecture and Urban Design" en Venecia. Profesores do Master Cidade e Sustentabilidade da E.T.S. de Arquitectura de Sevilla, do Master do Paisaxe Fundación Juana de Veiga da E.T.S. de Arquitectura de Coruña e Universidade de Santiago de Compostela, Master Urbanismo e espazo público a E.T.S. de Arquitectura de Coruña e profesores do grao Arquitectura de Interiores da E.T.S. de Arquitectura de Coruña.

PR PRAZA DE ABASTOS PROXECTO_DUN ES ESPAZO PÚBLICO

Xosé Bar Bóo

Xosé Bar Bóo (1922-94) obtivo o Título de Arquitecto (1957) e o de Doutor (1964) pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Foi fundador do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (1973) do que sería decano (1977-79) e vicepresidente do Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España (1976-1977). Exerceu o seu labor docente como profesor da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña desde 1985. Participou activamente noutros ámbitos como a ecoloxía ou a socioloxía, desde os que reivindicou a identidade territorial, cultural e social do pobo galego, destacando as fundacións da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) en 1974 (presidente 1979-80), do Museo do Pobo Galego en 1976 (patrón 1976-94) e do Círculo de Información e Estudos Sociais (CIES) en 1977 (presidente 1977-94). Tamén pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos (1982-94).

A súa obra, desenvolvida practicamente na súa totalidade en Galicia, principalmente en Vigo, a súa cidade natal, abarca todo tipo de



escalas desde o plan urbano ata o deseño de mobiliario e ocupa un lugar protagonista na arquitectura española da segunda metade do século XX. Comeza a súa actividade profesional co edificio Bar Bóo (1957), unha obra de sorprendente madurez coa que se sitúa á vangarda da recuperación da arquitectura moderna en Galicia e que foi catalogada polo primeiro Rexistro DOCOMOMO ibérico. Tras un certo purismo inicial, coincide con destacados arquitectos da súa xeración ao cuestionar a ortodoxia moderna para adaptala ás particularidades do

territorio. As acusadas características do medio galego, a súa topografía, climatoloxía, substrato antropolóxico, etc., son determinantes na obra de Xosé Bar. Entre os edificios de uso público destacan o Sanatorio Neuropsiquiátrico "El Pinar" (1965), o Policlínico "CIES" (1967), a Igrexa Parroquial da nosa Señora das Neves (1968) ou os Xulgados da Coruña (1985); e no ámbito residencial, o mencionado edificio Bar Bóo, a Casa Ibáñez Aldedoa (1963), os Bloques de Vivendas para Militares (1965) e a Casa Horyaans (1972) entre outras.

LOURIÑA

O PORRIÑO

Máis de 120 accións de limpeza nas parroquias e no centro no último mes

Personal dependente da Concellería de Limpeza e Parques e Xardíns, realizou, no último mes máis de 120 accións de desbroce, limpeza, rego, baldeo, corte de césped, retirada de lixo e enseres e barrido en Cans, Atios, Torneiros, centro do Porriño, Pontellas, Carracido, Budiño, Chenlo e Mosende.

Segundo sinalou este xoves o concelleiro, Orlando Márquez, as actuacións abranguen as Fases II, III, IV e V, Xuntanza, xardineiras, de Torneiros, o Colexio Municipal, Carretera cultural, Torreiro-San Campio de Pontellas, o barrio da Liboeira, barrio do Pego, As Sinsoas ou o Parque de Vilafría, en Atios; Orbenlle-Laguna, Parque de Eirís ou Colexio Municipal en Budiño, ademais de O Paseo do Louro, San Benito, a rúas Paz Varela,

Avenida de Galicia, Pio XII, San Benito, San Sebastián, Monte Alto, Domingo Bueno, Subia á Risca, Fernández Areal ou Doutror Paz Varela.

A vindeira semana seguirán os traballos en Mosende, Pontellas, Chenlo, Budiño, Torneiros e zonas do centro da vila, unha labor para a que a concellería

disporá dun novo vehículo Ford Transit con volquete, capacidade para seis persoas e posibilidade de carga de preto de 1.700 quilos que permitirá "axilizar" os traballos que ata agora se facían con dúas furgonetas e un camión que había que compartir coa Concellería de Vías e Obras.



A alcaldesa convocará aos voceiros dos grupos municipais do PP, BNG e EU-Son para presentarllles o borrador do orzamento e informarllles sobre a renuncia do interventor

Alcaldesa do Porriño convocará nos vindeiros días aos representantes dos grupos municipais do Partido Popular, BNG e EU Son, para entregarllles o borrador dos orzamentos, explicarllles os obxectivos dos mesmos e coñecer as súas propostas e opinións.

Eva García de la Torre sinalará aos voceiros que os plantexamentos do goberno local dan prioridade ao Gasto Social que abrangue un incremento das partidas para casos de emerxencia; a sinatura de convenios con entidades financeiras para a cesión de inmobles que facilite ao Concello poder ofrecer a familias en situación de necesidade un lugar no que vivir, pagando alugueiros accesíbeis; novos Plans de Emprego, un de inserción e outro específico para mulleres que, "representan o 33% de todos os veciños do Porriño que

están no paro"; asimismo, haberá unha partida destinada a becas para rapazas e rapaces que, tendo un bo expediente académico, non poden continuar cos estudos por falla de medios para a compra de libro, material ou para o desprazamento.

García de la Torre sinalará aos representantes dos grupos municipais, entre outras consideracións, que o borrador orzamentario contempla, tamén, un plan de investimentos públicos a catro anos, dando prioridade ao remate do saneamento en todo o Concello e á mellora dos servizos municipais en todas as parroquias, posibilidade que, subliña, "é posible tendo en conta que o Concello do Porriño é unha das entidades locais máis saneadas, non so de Galicia, senón de toda España".

Ademais, a alcaldesa explicará que ven de aceptar a re-

nuncia do interventor municipal ao que considera "un estuendo profesional" pero que, pola falla de tempo material, non podía atender aos moitos asuntos que se plantexan no Concello do Porriño que, nos últimos meses, estaban sufrindo demoras.

Eva García de la Torre subliña que o interventor, que ten a súa praza en Sanxenxo, so podía desprazarse ao Porriño dúas tardes á semana nas que, ademais, tiña que atender os asuntos do Consorcio de Auga do Louro, "o cal era claramente insuficiente para as nosas necesidades".

Nos vindeiros días, indica a alcaldesa, se incorporará unha interventora que estará no Porriño dous días enteiros e unha tarde, todas as semanas, ata que sexa posible o nomeamento dun interventor con praza fixa na vila en marzo de 2017.

Melloras no alumeadado en Mosende, Pontellas, Torneiros e Budiño

Gracias a unha subvención de 150.000 € aprobada pola Deputación de Pontevedra, o Concello do Porriño poderá acometer a mellora das instalacións de alumeadado público exterior en distintos puntos das parroquias de Mosende, Pontellas, Torneiros e Budiño.

Segundo explica o concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, estas actuacións teñen varios obxectivos: a adaptación das instalacións exterior á lexislación vixente, regularizar a modalidade de contratación do subministro, que está obsoleta, garantir as inspeccións regulamentarias e, sobre de todo, que o nivel de iluminación sexa notablemente mellor nas estradas, pistas e rúas da vila, pola que pasan os veciños todos os días.

Ademais de todo isto, o novo alumeadado, formado por 460 novas luminarias de tecnoloxía LED de 30 e 60 W, permitirá un

aforro de máis de 90.000 kWh, máis de 10.000 € anuais na factura da luz que ten que pagar o Concello e suporá unha diminución da emisión de 20.000 quilos de CO2 á atmosfera cada ano.

Nos vindeiros días empezará a retirada e substitución das vellas lámpadas de vapor de sodio de 150 e 70 W e as de vapor de mercurio de 80 W que, ademais de contaminar moito máis que as novas LED, ofrecen rendementos moito menores. Ao mesmo tempo, se executarán redes de terra e se colocarán novos cadros de mando e protección, equipados cos elementos que permitirán adaptar a nova instalación ao regulamento legal.

Manuel Carrera engade que o cambio do alumeadado se realizará garantindo que non haberá partes que queden a escuras e, por suposto, garantindo a seguridade dos veciños e dos seus bens e propiedades.

Especialistas de Adoa revisaran ás árbores do Parque do Cristo

Árbore que caeu este mércores pola tarde no Parque do Cristo, no Porriño, xa foi retirado por efectivos da Policía Local, voluntarios de Protección Civil e persoal da Concellería de Parques e Xardíns que, asimismo, acordaron o lugar e o limpar o longo desta mañá, logo de constatar os danos materiais causados na varanda e nos postes de pedra da mesma.

Este venres, persoal especializado de Adoa examinará un por

un o resta das árbores para comprobar o seu estado e decidir si as mesmas, plantadas hai medio século, se talan ou se arrincan para evitar riscos aos veciños.

Dacordo coas primeiras impresións, o vento e a choiva, que foi abrandado o terreo, causaron a caída da árbore que, ademais, tiña parte do tronco apodrecido, o que fai temer que o resto das árbores do parque poidan estar no mesmo estado.



A GUARDA

O Concello da Guarda realiza a reposición da traída de auga e ampliación do aparcamento en Manuel Álvarez

Estes días estanse a realizar na céntrica rúa Guardesa de Manuel Álvarez obras de reposición da traída de auga. O concello acomete estas obras de renovación da instalación pola gran cantidade de avarías que se producen nesta rúa debido a antigüidade da instalación.

As obras realízanse nas dúas beirarrúas e consisten na substitución dos tubos de fibrocemento por polietileno, renovando tanto da canalización principal como as acometidas. A nova canalización realízase no espazo que vai dende as xardiñas ata a estrada, aproveitando para incorporar esta franxa das beirarrúas de aproximadamente un metro para anchear o vial. Isto permitira, modificando o seu eixe, habilitar aparcamento en batería pola banda que da ao monte Trega. Con esta actuación está previsto un aumento das prazas de aparcamento en 25 ser cambiar practicamente as características da rúa. Queda para unha futura actuación a renovación das beirarrúas.

Está acordado coa empresa



que durante as obras se produzan as mínimas molestias posibles, afectarán as prazas de aparcamento e haberá cortes de auga, debidamente anunciados, cando se produzan as novas conexións, pero en ningún caso se producirán cortes de tráfico. Nos días pasados o alcalde, Antonio

Lomba, e o concelleiro de vías e obras, Miguel Español, mantiveron unha reunión cos comerciantes e veciños afectados para informar dos pormenores das obras. A empresa ten previsto, se non aparecen inconvenientes, que finalicen na primeira semana do mes de xullo.

O alcalde da Guarda media entre o estaleiro Joaquín Castro e a Entidade Local Menor de Camposancos

O día 1 de xuño tivo lugar unha reunión, na sede da Entidade Local Menor de Camposancos, entre unha representación dos traballadores do estaleiro Joaquín Castro e o equipo de goberno da Entidade Local. A esta reunión asistiu tamén un representante da CIGA e o alcalde da Guarda Antonio Lomba.

O motivo da reunión era coñecer as preocupacións dos traballadores e poñer no seu coñecemento o desencontro que manteñen, dende fai un tempo, empresa e administración. Esta situación, motivada pola falta de acordo nos termos da concesión, vese agravada polos impagos da concesionaria. Para evitar a prescrición da débeda a Entidade Local fixo unha reclamación no xulgado despois de aprobar esta medida no último pleno cos votos favorables do equipo do goberno e da vocal do BNG.

O representante da CIGA apelou á sensibilidade dos responsables da Entidade no que respecta a situación laboral dos traballadores e a importancia do

centro de traballo para o emprego e a economía locais.

O goberno da Entidade mostrou boa disposición para retomar os contactos co empresario sempre e cando este satisfaga a débeda que mantén coa administración. Neste punto o alcalde da Guarda ofreceuse a mediar entre as partes para intentar chegar a un acordo que regularice a débeda e permita a actualización do contrato de concesión de maneira satisfactoria para tódalas partes.

Tanto o concello da Guarda como a Entidade Local Menor de Camposancos están preocupados polo mantemento do centro de traballo e os empregos que xera, pero expresáronlle ao representante sindical e aos traballadores que teñen a obriga de velar polo público e que non poden permitir a prescrición nin o aumento da débeda que a empresa ten coa Entidade Local.

O alcalde está facendo as xestións oportunas para intentar regularizar a relación entre o estaleiro e a Entidade Local Menor de Camposancos.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A exposición Exodus, na Casa do Concello

Este martes 14 de xuño, ás 13h, tivo lugar na Casa do Concello da Guarda a presentación da Exposición "Exodus" que acolle o edificio do 14 ao 29 de xuño.

A Guarda inicia así o percorrido desta mostra fotográfica, organizada pola Deputación de Pontevedra, que amosa fotografías sobre refuxiados tomadas polos fotoxornalistas galegos Felipe Carnotto e Adrián Irago durante os meses de setembro e outubro de 2015.

A este acto acudiron o alcalde da Guarda, Antonio Lomba, a Concelleira de Turismo, Montserrat Magallanes, a Concelleira de

Cultura, Elena Baz, a Concelleira de Servizos Sociais, Teresa Vicente Baz e a Deputada de Cohesión Social, Digna Rosa Rivas.

A mostra conta cun total de 30 obras que documentan as vivencias dos refuxiados que foxen de distintos conflitos bélicos para chegar a Lesbos e percorrer os Balcáns na busca dun novo fogar en Europa.

A exposición permanecerá na Casa do Concello da Guarda ata o día 29 para que todo o que o desexe poida achegarse en horario de 8 a 14 horas e contemplar estas sobrecolladoras imaxes, que buscan concienciar sobre a situación dos refuxiados.



Presentación da 26ª Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira da Guarda



O alcalde da Guarda e as concelleiras de Cultura e Turismo acudiron ao Palacete das Mendoza, sede de Turismo Rías Baixas en Pontevedra, para presentar unha nova edición da Festa da Langosta da Guarda.

Alí foron recibidos pola Presidenta da Deputación nun acto adicado á ensalzar a festa máis representativa da gastronomía da Guarda, recoñecida tamén en toda a xeografía galega e norte de Portugal. O alcalde da Guarda convidou a todos os que o desexen a asistir á Festa da Langosta e da cociña mariñeira que se celebra na Guarda os días 1, 2 e 3 de xullo na que, ademais de atopar gastronomía da mellor calidade, tamén terán unha ampla e variada oferta musical e deportiva coa celebración, por exemplo, da Travesía a

Nado do Porto da Guarda.

A Presidenta da Deputación, boa coñecedora da Guarda e da vida e gastronomía da localidade, deu fe do bo facer e do bo produto do lugar, pero quixo destacar a calidade das súas xentes e convidar a todos os pontevedreses, pontevedresas e persoas vidas de toda Galicia a chegarse a un lugar, cunha paisaxe e vida sociocultural única. Sen esquecer as delicias culinarias que poderán degustar.

Para demostrar isto o acto contou con Flor M^a Rosario, propietaria do Restaurante Cangrexal, que colabora na Festa da Langosta e con Lázaro Moreno, xerente da bodega Valtea, encargados de ensinar aos presentes unha pequena mostra do que se poderán atopar a primeira fin de semana de xullo na Guarda.



Bandeiras azuis para as praias de Area Grande e o Muíño



O alcalde, Antonio Lomba, e a Concelleira de Turismo, Montserrat Magallanes, acudiron ao acto de entrega das bandeiras azuis e as distincións de sendeiros azuis que tivo lugar na Praia de Bastiagueiro, en Oleiros (A Coruña).

Ata alí desprazáronse alcaldes e responsables de tódolos concellos recoñecidos pola Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) coas bandeiras azuis e sendeiros azuis para recoller tales distincións.

Asistiron o presidente da ADEAC, José Ramón Sánchez Moro, a Conselleira de Medio Ambiente, e o Presidente da Xunta

de Galicia, O alcalde de Oleiros, García Seoane, actuou de anfitrión nunha xornada adicada a recoñecer os esforzos dos concellos galegos que puxeron a Galicia á cabeza das comunidades con máis bandeiras azuis, cun total de 141 distincións. Destas, 123 foron outorgadas a praias de 38 concellos e 18 a portos deportivos. Hai que sumarlle 21 distincións de sendeiros azuis, 12 centros azuis e dous recoñecementos especiais ás únicas praias que levan acadando a bandeira azul 30 anos consecutivos: Bastiagueiro, anfitriñoa, e a praia de Miño, no concello do mesmo nome.

O Concello da Guarda foi dis-

tinguido con dúas bandeiras: praia de Area Grande e O Muíño; así como o sendeiro azul, de 5,6 quilómetros, que une ambos areas.

Os criterios esixidos están relacionados coa calidade das augas, a seguridade, a completa dotación de servizos, a accesibilidade, a atinada xestión ambiental e a sustentabilidade dos areas e das dársenas.

Á vez que se produce isto, o Concello da Guarda está traballando na contratación de socorristas e na limpeza e adecuación dos areas da vila para telos en perfecto estado cara o inminente comezo do verán.

O Club DI-SOM TUI confirma o seu liderazgo no III Campeonato Ibérico de Kung-Fu tradicional e moderno

Mais de trescentos deportistas deronse cita o pasado domingo no pabillón Municipal de Tui no III Campeonato Iberico de Kung- Fu Tradicional e Moderno, organizado pola Federación Galega de Kung-Fu patrocinado pola Eurocidade Tui - Valença e co apoio da Xunta de Galicia e da Secretaria Xeral para o Deporte.

Esta cita ven a confirmar o seu carácter internacional coa participación de distintas partes de España e Portugal que fixeron gala dun altísimo nivel técnico.

A competición desenvólvese nas modalidades de Kung- Fu Moderno a nivel individual e Kung- Fu Tradicional Individual e por equipos.

O Club local resultou claro dominador con cinco medallas de ouro, sete medallas de prata, e catro medallas de bronce, revalidando títulos nas máximas categorías de Cinturón Negro e o Campión Absoluto Individual. Cabe destacar a deportista Yasmina Mauricio Damas con dúas medallas de ouro e Campiona absoluta individual

CATEGORIA INDIVIDUAL , MEDALLAS DE OURO

Categoría Marron Veterano - Javier Varela Iglesias , Categoría Negro Xuvenil - Yasmina Mauricio Damas , Categoría Negro Senior - Benjamín Prieto Martínez



CATEGORIA INDIVIDUAL, MEDALLAS DE PRATA

Categoría Azul Xuvenil - Ayoub Bacha. Categoría Marron Xuvenil- Gabriela Nascimento Passos. Categoría Negro Xuvenil - Miguel Santos Martínez

CATEGORIA INDIVIDUAL, MEDAIAS DE BRONCE

Categoría Azul Senior - Jose Camilo Rodas Valente. Categoría Marron Xuvenil- Anxo Moreira Santos. Categoría Negro 3º Nivel -José Antonio Montero Castiñeira

CATEGORIA EQUIPOS, MEDAIAS DE OURO

Equipo Categoría Marron Xuvenil- Gema Blanco Núñez , Yago Domínguez Nuñez, Fabiana Villarroel Rodríguez , Alicia Alonso Ferreira e Uxía Romero Martínez. Equipo Categoría Negro Xuvenil - Yasmina Mauricio Damas , Miguel SantosMartínez , Cristina Soutelo González e Paula Pérez García.

CATEGORIA EQUIPOS, MEDAIAS DE PRATA

Equipo Categoría Marron Xuvenil-Gabriela Nascimento Passos, Luis Flavio Pereira Prado, Sergey Kokhan Kokhan e Rafael Gomes Amorim. Equipo Categoría Negro Alevin-Noemi Méndez Barbosa, Adriana Gomes Pereira, Valle González Fernández e Adriana Ferreira Fernandes. Equipo Categoría Negro Infantil-Isaac Andre Dacunha Graça, Javier Gonzalez Nicora, Jorge Pérez Vazquez e Sergio Taboas González. Equipo Categoría Negro Xuvenil - Tania Lourido Barbosa, Maria García Gregores, Lucia Soutelo Gonzalez e Paulo Daniel Alonso Rodríguez

CATEGORIA EQUIPOS, MEDAIAS DE BRONCE

Equipo Categoría Negro Xuvenil- Javier Veiga Martinez , Miguel Amoedo Coello, Jacobo Pereira Amaral e Braís Pereira Alvarez.



30 anos en DI-SOM TUI
e seguimos a nosa oferta aniversario
ven dende 19.90€/mes

FITNESS- ZUMBA- CICLO INDOOR-TRX- CROSS TRAINING- PILATES- YOGA-TAI-CHI
 NATACION-AQUACIM-AQUAPILATES- AQUABABY .ETC
 AREA SALUD (CLINICA CLISAUDE) PODOLOGIA - PSICOLOGIA- NEUROPSICOLOGIA
 DIETETICA Y NUTRICION - OSTEOPATIA- FISIOTERAPIA- TERAPIA ACUATICA
 FISIOPILATES- FISIOESTETICA

Canonigo Valiño, 11 . 36700 Tui

986 601 563

info@diomtui.com

www.disomtui.com

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Exposición Mulleres Galegas na Historia, no Centro Cultural da Guarda

A Sala I de Exposicións do Centro Cultural da Guarda acolle, ata o día 30 de xuño, a mostra "Mulleres Galegas na Historia", que pode ser visitada en horario de 9 a 14 horas.

Trátase dunha exposición na que se poderán ver imaxes e coñecer máis da biografía dalgúns das mulleres máis importantes e singulares que marcaron a historia do noso país.

Entre as presentes nesta exposición atópanse 17 das mulleres máis destacadas en diferentes ámbitos, como a cultura ou a política, ao longo da historia de Galicia. Por resaltar algúns nomes, entre as biogra-

fías homenaxeadas están presentes figuras tan coñecidas como a poetisa Rosalía de Castro, escritora de "Cantares Galegos" e "Follas Novas", dúas das obras cumbre da literatura galega; María Pita, heroína coruñesa que se fixo célebre pola súa participación na defensa da cidade fronte a unha flota inglesa comandada por Drake en maio de 1589; a destacada avogada e feminista do século XIX Concepción Arenal ou a icona da belle époque europea La Bella Otero.

Tamén están presentes na exposición figuras menos coñecidas pero igualmente salientables como a soldadeira

medieval e muller transgresora María Balteira; a mestra pioneira Ernestina Otero; Julia Minguiñón, única muller que obtivo a primeira medalla de Primeira Clase nunha Exposición Nacional de Belas Artes; María Castaña, de quen se di que encabezou unha revolta contra o señor feudal, frei Pedro López Aguiar, no século XIV ou a autora do primeiro texto moderno feminista, Emilia Pardo Bazán. A lista continúa cos nomes de Inés de Castro, María Soliña, Maruja Mallo, Xela Arias, Enriqueta Otero, María Casares, María Antonia Dans e Filomena Dato, todas elas pezas fundamentais da nosa historia.



TOMIÑO

O Concello acondiciona a praia de Goián e o Espazo Fortaleza, de cara ao verán

Mil metros cúbicos de area, serán necesarios para acondicionar a Praia de Goián, situada á beira do Espazo Fortaleza, despois dos danos ocasionados polos temporais e aumento desmesurado do caudal do río Miño durante os últimos meses.

Francisco Campo Lago, concelleiro de Vías e Obras, explica que se trata de obras de carácter excepcional, xa que o estado en que quedaron as instalacións imposibilita totalmente o uso das mes-

mas por parte da veciñanza. "Son obras de carácter excepcional, que contan con todos os permisos e autorizacións necesarios dos organismos correspondentes (Patrimonio, Rede Natura, Costas, etc.)", aclara.

A intervención consistiu concretamente, en reconstruír os accesos ás praias e a zona de duchas, por afundimento, cun investimento que rolda os 20.000 euros.

A area necesaria para rechea a praia, é de balde, xa que pro-

cede da zona da desembocadura do Miño, onde era necesario dragar o canal do ferry entre A Guarda e Caminha.

Por outra banda, será necesario reconstruír tamén o pantalán, que foi seriamente danado e desprazado do seu lugar orixinal varios metros.

Paralelamente, o Concello está a acondicionar o Espazo Fortaleza de cara ao verán, procedendo á limpeza, corte da herba, e outras tarefas de mantemento e conservación.



Catro novos praceiros incorpóranse ao mercado

Comida caseira para levar ou comer no lugar, conservas vexetais, floristería e plantas e unha nova froitería con produtos ecolóxicos, súmanse á oferta da nova praza de abastos tomiñesa.

Trátase de "O Fogón", "Petiscos", a Floristería Marisa Baquero e por último, Ana María Benavídez, propietaria do posto "A horta da vella

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, manifestou a súa satisfacción pola incorporación destas catro novas empresas gastronómicas que veñen a ampliar e diversificar a oferta de calidade do Mercado Municipal, contribuído, ademais, á dinamización do comercio e da vida social da vila.

Empresarios e Concello revitalizan o San Xoán

Dende o xoves 23 ata o sábado 25 de xuño na praia de Arealongo de Chapela celebrárase o San Xoán

Os festexos comezarán o xoves 23, a programación desta xornada contará, entre outras, co espectáculo de animación a cargo do Compañía Troula Animación baixo o título de "Errantes" que dará paso a partir das 00:00h á esperada fogueira de San Xoán para iniciarse unha noite máxica na Praia de Arealongo e que continuará cunha sesión de DJ's na propia Praia.

Durante todo o fin de semana tamén poderase gozar do VI Campionato Galego de Balonmán Praia organizado polo Club Balonmán Chapela que xuntará aos mellores equipos de balonmán Praia de Galicia

Grazas a iniciativa de diversos colectivos veciñais foi posible deseñar unha ampla variedade de actividades complementarias que converterán a Praia de Arealongo nunha cita obrigada nesta festividade de San Xoán que

contará con actividades como: un espectáculo de Flyboard, unha concentración popular de gaiteiros, un Mercadillo Popular

Solidario, onde o troco, a compra e venta de produtos de segunda man serán os protagonistas. Este tipo de mercadillos téñense convertido nunha actividade que marca tendencia en toda Europa onde reciclaxe, coleccionismo, segunda man ou vintage, da man de particulares que baixo unha perspectiva de consumo

colaborativo, se dan cita nestes rastros de segunda man.

A festa de San Xoán está organizada polo Concello de Redondela e a Asociación de Empresarios de Redondela e conta coa colaboración do Círculo Cultural Recreativo de Chapela, Balonmán Chapela e a Comunidade de Montes de Chapela.



O concello obrigado a devolver a taxa do lixo, a veciños de A Telleira.

O concelleiro do BNG, Xoán Carlos González, "responsabiliza ao alcalde de Redondela de actuar de xeito caprichoso, con único afán recadatorio".

Con data dezoito de maio, emitíuse sentenza do xulgado contencioso-administrativo nº1 de Vigo, contra a resolución asinada en decembro de 2015, polo alcalde de Redondela, desestimando as reclamacións, referidas ao cobro de taxas do lixo dese mesmo ano.

En outubro do ano pasado media ducia de veciños de A Telleira, en Cesantes, recibiron notificación do Concello de Redondela, co fin de cobrarlles 71 euros pola recollida do lixo do ano 2015. Presentaron as preceptivas reclamacións, ao considerar que se estaban conculcando os seus dereitos cida-

dáns.

Malia que as reclamacións se realizaron en tempo e forma, Javier Bas fixo caso omiso das mesmas. "Tratábase dunha medida sen base, cun único afán recadatorio, mais o alcalde de Redondela, pretendeu impoñer a súa vontade", considera o concelleiro do BNG, Xoán Carlos González.

"O grupo de afectados de A Telleira, víronse obrigados a prantexar un demanda na que solicitaban que se lles aplicara a cota reducida, como estaba a suceder ata outubro de 2015", aclara o concelleiro nacionalista. Despois de varios meses, finalmente o xulgado deulle a razón a este grupo de veciños.

Xoán Carlos González afirma que chegar a celebrar un xuízo, "foi única e exclusivamente por obcecación do alcalde de Redon-



dela. Á vista de todos os datos, estaba claro que o grupo de veciños tiñan dereito a que se lles aplicara a cota reducida. No seu afán por por medio dunha apli-

cación sesgada da taxa do lixo, dando novamente a imaxe de bo xestor, Javier Bas, obviou os dereitos destes veciños de A Telleira".

O BNG-NÓS, aposta por converter en vía urbana a autoestrada dende Rande.

A medida que as obras da ampliación da AP-9 avanza no termo municipal de Redondela, existe unha maior inquietudanza entre os veciños e veciñas das zoas afectadas, ante o negativo impacto que esta ampliación vai supoñer nas súas vidas. Xunto á contaminación acústica, ao aumentar o tráfico rodado, as afeccións das vivendas de Chapela, suporá un novo atranco no desenvolvemento urbanístico. Co prantexamento de AUDASA, e do Ministerio de Fomento, arredor de catrocentas vivendas vanse ver afectadas no futuro, para acometer obras de acondicionamento, ou mellora, só nesta parroquia.

A ampliación da Autoestrada supón agravar a situación urbanística de moitas vivendas. Auméntase o tamaño tanto da zoa de dominio público, zoa de servidume e zoa de afección, polo haberá un maior número de vivendas, inmobles, edificios públicos e privados afectados. "Dende BNG-Nós Candidatura Galega, imos recuperar a iniciativa para que a Autoestrada pase a ser unha Vía Urbana. Deste xeito poderíase establecer un límite da velocidade dos vehículos, mitigando a contaminación acústica. Pero un dos aspectos máis salientábeis, sería que a estrada convencional reduciría as afeccións sobre as vivendas, a menos dun terzo do que a obra de AUDASA, establece".

Segundo os nacionalistas, esta xa foi unha proposta que presentou o BNG en diversas ocasións, e nas que o Ministerio, refén de AUDASA, sempre rexeitou. "Somentes a presenza do BNG-NÓS Candidatura Galega, permitirá que esta cuestión se retome. Luís Bará, cabeza de candidatura por Pontevedra, comprometeuse o día 13 en Redondela, a defender esta aspiración dos miles de veciños e veciñas de Redondela e Vigo, no Congreso.

VAL MIÑOR

NIGRÁN

Nigrán estrea centro de saúde en Panxón

O novo centro de saúde de Panxón (Nigrán) iniciou o seu funcionamento o luns día 20 de xuño. Así, unha vez rematada a obra, e tras proceder ao seu equipamento e dotación, o Servizo Galego de Saúde xa está en condicións de poñer a disposición da poboación de Nigrán esta nova infraestrutura sanitaria.

Este novo centro ven substituír ao centro sanitario actual, polo que o traslado realizouse o venres 17, coa fin de minimizar o impacto na actividade asistencial.

As instalacións, enmarcadas na modernización de infraestruturas da rede de Atención Primaria que recolle a Estratexia Sergas, e cofinanciadas con fondos FEDER, contan cun investimento de 1,8 millóns de euros.

Máis consultas e área específica de nenos

Segundo afirma o xerente da

EOXI de Vigo, Félix Rubial “este centro era absolutamente prioritario na nosa planificación sanitaria, xa que o actual presenta claras limitacións espaciais e algunhas deficiencias estruturais. Necesitabamos un centro novo, cunha instalacións modernas, e con espazos axeitados para mellorar a confortabilidade dos usuarios e facilitar a actividade dos profesionais”.

O novo edificio de Atención primaria, cunha superficie construída de 1.375 metros cadrados, dispón dunha maior dotación de consultas das que ten o centro actual, así como dunha área diferenciada de pediatría.

En total, conta con 12 consultas na área de medicina xeral (seis de medicina xeral e seis de enfermaría), fronte ao equipamento do actual, con cinco salas para médicos e outras catro para enfermaría.



En canto á área pediátrica, dispón dunha consulta de pediatría e outra de enfermaría pediátrica, así como dunha sala de espera, con aseo, específica para os nenos e nenas.

Outros dos servizos que se incorporan ao novo centro son una sala de extraccións -no actual non se dispón dela- e una sala polivalente, que permitirá diversas actividades como a atención urxente e a observación de pacientes.

Dispón tamén duna sala de técnicas para cirurxía menor, sala de xuntas, sala de estar do persoal, aseos, recepción, arquivos e almacéns, e todos os servizos necesarios para o correcto funcionamento do centro.

Ademais, conta tamén con as-

ensor, o que facilita a accesibilidade dos pacientes ao sistema sanitario.

Equipamento actualizado

As novas dependencias están dotadas de todos os medios técnicos e diagnóstico necesarios, que permitirán incrementar a capacidade resolutive deste nivel asistencial. Neste senso, hai que subliñar que conta cun equipamento de tecnoloxía sanitaria completamente renovado: electrocardiógrafo, espirómetro, desfibriladores e oxímetros de pulso.

Isto facilitará que os seus profesionais, ademais de realizar a propia actividade asistencial, poidan realizar actividades preventivas e desenvolver os programas de protección e promoción da saúde (programa do neno san;

programa de atención ao paciente crónico; o control do tratamento con anticoagulantes orais, SINTRON; e atención á Muller, entre outros.

Datos asistenciais

O centro de saúde de Panxón dá cobertura a unha poboación de 7.574 usuarios, dos que 924 son nenos menores de 14 anos.

O seu cadro de persoal está formado por cinco médicos xerais, un pediatra, seis profesionais de enfermaría e catro PSX (persoal de servizos xerais).

En canto a actividade asistencial, este equipo multidisciplinar realizou o pasado ano un total de 45.609 consultas médicas (39.439 de adultos e 6.170 de nenos); ademais das 20.600 consultas de enfermaría.



Festa do Vinho Tinto en Tangil e Festa da Sementeira en Corzans



Um sábado con chuva dispersa, ora amena ora intensa, e un domingo solarengo, trouxeram moitas persoas à 6ª Feira do Vinho Tinto de Tangil.



O domingo 15 de maio chegaba a décima edición da Sementeira e Música en Corzans, Salvaterra de Miño, coas actuacións de ronco&fol, a banda de gaitas Pontenova e o grupo Quempallou.



Gracias

50
Pompas Fúnebres del Condado
Abre de 1964

Arbo

Ponteareas

TANATORIO

TANATORIO

OPINIÓN

Novas de Troña

Por: Marqués de Troña

Dende as terras ancestrais de Troña, os meus benqueridos veciños levan tempo transmitíndome como formiguiñas laboriosas, multitude de novas que se van producindo naquelas terras que tanto boto de menos e que motivos insalvables fanme imposible estar ao carón deles, para axudalos en todo aquilo que lles fora menester, resolver e interceder por eles ante aqueles persoeiros que puideran impedir que os meus compatriotas poidan levar unha vida cada vez mellor. Por este motivo, a partir de hoxe solicitaréi o apoio daqueles medios que mo presten para denunciar, meter a man na chaga e pór en solfa aqueles temas que por decoro, medo, ridículo se calan publicamente.

Cóntanme que a cousa política do Concello de Pontearreas anda un pouco tola, a mensaxe que se transmite o goberno local, que aprenderon dende o primeiro momento en que colleron as rendas da municipalidade, e que serve para todo, é: "Non hai cartos", sr. Alcalde vimos pedirlle unha axudía para... resposta: Non hai cartos!... Señor alcalde vimos pedirlle para que deixe

de chover. Resposta: Non hai cartos!

Tamén me contan que, o que antes era branco, cando estaban na Oposición, agora é negro, e os que antes gobernaban aquelas terras tiñan que facer moito e ben; pedían mellores soldos para os empregados municipais; os servizos municipais tiñan que ser levados a cabo por persoal propio, ..., , agora daquilo, nada; dise están contratando empresas externas para cumprir cos servizos que debe prestar esa institución. Aínda máis, eliminan prazas que estaban sen cubrir e convocan outras cuns soldos moi superiores ao resto dos empregados municipais creando desigualdades entre os funcionarios.

Dende a miña atalaia histórica no alcanzo a comprender como aquelas forzas políticas que ata agora pedían, esixían, criticaban aos gobernantes anteriores estean caladiñas coma mortos. Nin sequera os sindicatos, tan chamados ata agora a mobilizarse, din esta boca é miña.

Tamén me chegan rumores de que se estende unha vaga de medo "oficial" entre os meus paisanos que cubre estas preciosas terras de Troña; un "novo clientelismo"; antes,



nos meus tempos chamábase caciquismo oficial, que está calando calquera forma de oposición civil organizada. Se é dos meus ten todo o meu apoio, respostan dende os órganos do Poder Local; se non é así xa votarán de novo dentro de tres anos.

Sinto, neste meu retiro histórico, pero vivo e con gana de axudar aos meus paisanos unha profunda melancolía. Ai se volveran os meus rexos e fortes castrexos!! Ai se as pedras milenarias se voltaran lanzas!!

Por: Roberto Carlos Miras

Javier Akerman: un curioso da vida

"Existe una luz que ilumina más allá de todas las cosas de la tierra, más allá de los cielos más supremos. Esta es la luz que ilumina nuestros corazones" (Upnishad Chandogya 3, 13,7)

Foi nos anos noventa cando comencaron a xurdir unha serie de preguntas ao noso protagonista. Javier Akerman (Vigo, 1959) Comenzou a interesarse por unha serie de temas e ate o día de hoxe non perdeu esa curiosidade. ¿Existe unha evolución nos seres humanos ao logo dos anos? Cando o escoitamos falar nos decatamos que realmente no seu caso é así. Desde hai moitos anos leva traballando no campo da Naturopatía pese a ter moito interese noutros temas. É colaborador en diversos medios de comunicación tanto escritos como radiofónicos. Ao día de hoxe ó darse un paseo pola súa biografía e nos atopamos cunha persona que quere ser un home ou mellor dito un ser humano do noso tempo, aberto a outras realidades que fai súa a máxima de primeiro escoitar e logo opinar. Desde hai uns anos colabora coa editorial Cydonia radicada en Vigo. Dende "101 remedios naturales infalibles" hasta "Cocinar para sanar las emociones. Recetas, dietas y menús para la mente y el cerebro" Son só al-

gunhas das obras que "o noso autor" publicado ao longo dos anos. Ten a ordenación como sacerdote (Patriarcado de Serbia) e na actualidade é Presbítero da Comunión Anglicana sendo o primeiro maestro Vajra de Yoga Tibetano español reconocido e fundador do Linaje "Jamyang Yoga" Recibiu a transmisión do Lama Norbu (Nurba Lama) quen lle nombrou "Guru Vajra Neljor" (Maestro Vajra de Yoga Tibetano) amén doutras actividades que desenrola. Nos seus textos como o que presentamos a vostedes Akerman escribe capítulos cortos pero cunha linguaxe accesible para todo-os lectores. Ao leer o mesmo lles falamóslles da última obra publicada: "101 perlas budistas y cristianas para alcanzar a felicidad" (Tamén en Cydonia) Atopámonos no mesmo título con 1001 capítulos e un Epílogo e pregúntase cuestións como: "¿Cómo acompañar a los moribundos?, El agradecimiento, la más poderosa medicina, ¿Cómo amar a quien nos hace daño, o la obligación de vivir y el derecho a morir" son algúns dos pensamentos que ó autor propón ao lector. Quizaves o que nos interesa son as verbas que a modo de traballo, de libros, Xabier debulla e ao escoitalo semella que estamos lendo este novo traballo pero moi lentamente sopesando

as verbas. Facemos nosas as súas palabras "Cristo como Dios manifestado no home é Buddha como guía da mente" É importante falar de conceptos como Deus, Espiritualidade ou Ateísmo? Pode un ateo ser creente? O podemos le-los textos cristiáns e as escrituras budistas? Para o noso autor o importante é poñerse no lugar do outro e mesmo disfrutar de como un amigo fala e fala de fútbol cando a un ou a unha non lle gusta. En poucas palabras disfrutar cos demais. Pero quizaves o mais importante do naturópata, do crego e do mestre de ioga tibetano son as experiencias que ó longo da súa vida lle levaron a ser o que actualmente é e a falalo. Durante varios meses acudíu a visitar a unha persoa nos seus derradeiros intres de vida e ao día de hoxe recoñece que esta xoven axudouno máis do que él a pudo axudar a ela. Tamén se pregunta: "É importante ser crego ou ser mestre de ioga?" O importante segundo as súas palabras non é ser crego ou mestre senón responder ás preguntas según as necesidades das diversas persoas que lle preguntan a un "Non fuxe do dogma das tres relixións monoteístas senón que aprende delas e, para elo "utiliza" o budismo entre outras filosofías ou modos de vida. É froito delo son os diversos en-

contros que tivo con outras relixións en donde intenta levar a cabo ese Ecumenismo tamén desenrolado no seu intre polo Papa Xoán XXIII. Dúas figuras importantes forman parte deste último traballo Xesús e o Buddha. De feito como parece querer decir-

nos e mostra delo é o seu volumen. Pero como relata nas súas verbas cada un de nós temos que "enfrentarnos a ese yo vendo a necesidade de non sufrir" É eso parece querer decírnos, está ao alcance da nosa man. www.edicionescydonia.com



Motores aquecem para o Rali de Cerveira

S ão esperadas miliares de persoas para vivir un fim-de-semana cheo de enerxía. O famoso Rali de Cerveira está de volta, mais cedo, mais con a mesma dinámica que esta prova de automobilismo de alta velocidade proporciona a portugueses e galegos que participan e asistim. Agende os días 09 e 10 de xullo para una prova que integra o calendario nacional.

A contar para os Campeonatos FPAK de Ralis, Campeonato Nacional de Ralis GT,

Campeonato Nacional de Clásicos de Ralis e Taça FPAK de Asfalto, o Rali de Cerveira é já considerado pela organização, a CAMI Motorsport, como "um dos melhores Ralis de Asfalto a nível nacional" e muito ansiado pelos pilotos.

Este ano, a animar a prova estarán os Porches GT3 que integram o Campeonato Nacional de Ralis GT, nomeadamente Aduzilio Lopes e Vitor Pascoal, esperando-se também a participación de pilotos espan-

hóis com uma armada Porsche.

A primeira etapa da prova está marcada para sábado, 09 de xullo, com a 'Super Especial Noturna' a decorrer nas imediações do Inatel Cerveira Hotel. Já a etapa de domingo, día 10, é composta por duas seccións constituídas por três pecs com duas passagens. Vilar de Mouros, Serra de Arga e Gondar são as escolhas do Clube de Aventura do Minho para serem o palco destas provas.



O Campus de Fútbol Sala Antonio Martín disputarase en Tui entre o 18 e o 29 de xullo

O fútbol sala no noso concello está crecendo ano a ano co traballo dos clubs locais, C.D. Tui Fútbol Sala, A Quinta de Tui F.S. e o Randufe Futsal, que adestran a máis de 150 xogadores e xogadoras nas distintas categorías.

Por isto e co obxectivo de seguir promocionando esta modalidade deportiva entre a poboación tudense, este ano organízase o "I Campus de Fútbol Sala Antonio Martín", que se desenvolverá de luns a venres entre os días 18 e 29 de xullo, de 10.00 a 13.30 horas, nas instalacións deportivas do IES San Paio de Tui.

A organización corre a cargo dos citados clubs locais e coa dirección de Antonio Martín "Toñín", ex-xogador de fútbol sala da división de honra nacional durante doce anos, quen foi xogador da selección española no Mundial de Praga, diplomado en educación física e especial, así como adestrador de fútbol sala en equipos de división de honra. No mesmo colabora o Concello de Tui.

O Campus vai dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2003 e 2010, sendo o prezo do mesmo de 40€, no que se inclúe adestramentos individualizados, tanto de iniciación

como de perfeccionamento, camiseta oficial do campus, marca Joma, froita e auga a media mañá, sorteo de regalos ao remate do campus, adestramento con xogadores de fútbol sala de primeiro nivel, entrada gratuita na piscina municipal os días planificados, e seguro de accidentes.

Todos os interesados no campus poden pedir máis información o inscribirse a través do enderezo electrónica campusfstui@gmail.com o nos números de teléfono 628.006.383 ou no 627.050.920. As prazas estarán limitadas a 60 participantes.



Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino

TLF: 986640834

Ponteareas (Pontevedra)

Plan

RENOVE

En Frío

Balay BOSCH SIEMENS

Solo del
17 de Junio al
2 de Julio



SIEMENS
FRIGORÍFICO COMBI

8000KX33 / 8000KX32
No Frost, Libre extractivo, Puertas Acero
cristalino, Mayor capacidad interior, Nuevo
mecanismo TrayControl en puertas, según
modelo. LED.

8000KX32 749€
320 ltr. 196x60x65 cm.
689€
TE AHORRAS 60€

8000KX33 799€
355 ltr. 201x60x65 cm.
729€
TE AHORRAS 70€

12 MESES SIN INTERESES TAE 0%

MASTER

CADENA

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 · PONTEAREAS - T. 986 640 115
Oriente, 7 · A CAÑIZA · T. 986 651 132
tienda@boinscon.com

NAVIA CENTER

Telxugueiras, 25 · NAVIA-VIGO
T. 986 246 067
naviacenter@gmail.com

*Financiación en 12 meses TAE 0%. El cliente subvencional del Master Cadena. Importe máximo financiado 2000€ y máximo de 1.000 euros. Oferta válida desde 17/06/2016 a 2/07/2016. Financiación otorgada, según el estado y situación patrimonial del solicitante. Consumidor Financiado. SA a través de su filial Master Cadena.